


# cerna

revista galega de ecoloxía e medio ambiente



Outono 2005 • Número 45 • 3 €

## ENTREVISTA A MANUEL VAZQUEZ CONSELLEIRO DE MEDIO AMBIENTE



cambio político • incendios • O Courel • As Catedrais • alimentación  
Budiño • agricultura ecolóxica • lendas



# É túa. Traballa para ti.

PORQUE CADA PAISAXE DA  
CORUÑA É UNHA HISTORIA.  
PORQUE CADA VEZ QUE TIA VES  
É DIFERENTE. TRABALLAMOS  
PARA QUE CANDO A MIRES,  
SEMPRE A VEXAS FERMOUSA.  
É TÚA, TRABALLA PARA TI.



DEPUTACION  
DA  
CORUÑA

[www.dicoruna.es](http://www.dicoruna.es)

<b>ACTUALIDADE</b>	<b>4</b>
<b>DENUNCIA</b>	
<b>URBANIZANDO A REDE NATURA</b>	<b>12</b>
Daniel López Vispo	
<b>CAMBIO NA XUNTA 2005</b>	
<b>NOVA POLÍTICA AMBIENTAL</b>	<b>14</b>
Manuel Soto e Xosé Veiras	
<b>ENTREVISTA:</b>	
<b>MANUEL VÁZQUEZ, CONSELLEIRO DE M.A.</b>	<b>18</b>
<b>INCENDIOS</b>	<b>23</b>
Xosé Veiras	
<b>AUGA</b>	
<b>PROXECTO RÍOS</b>	<b>24</b>
Virginia Rodríguez	
<b>DEPURACIÓN NATURAL</b>	<b>25</b>
<b>IMPACTO AMBIENTAL</b>	
<b>O COUREL</b>	<b>26</b>
Orlando Álvarez	
<b>ECOLOXÍA NO COTIÁN</b>	
<b>ALIMENTACIÓN SUSTENTÁBEL</b>	<b>29</b>
Ramsés Peréz	
<b>CONTAMINACIÓN</b>	
<b>MAREA VERDE</b>	<b>32</b>
Adela Figueroa	
<b>CONSERVACIÓN</b>	
<b>BUDINHO ESPAÇO PROTEGIDO?</b>	<b>34</b>
Xían Nieto	
<b>AGRICULTURA ECOLÓXICA</b>	
<b>O LABOR DO CRAEGA</b>	<b>39</b>
Gabino Vázquez	
<b>SEN ESTRATEXIA DE FUTURO</b>	<b>41</b>
Xan Pouliquen	
<b>LENDAS</b>	
<b>"MARA, ABELLA DA TERRA BRAVA"</b>	<b>44</b>
Anxo Moure	
<b>A NATUREZA NA LITERATURA</b>	
<b>LORENZO VARELA (II)</b>	<b>46</b>
Emilio Xosé Insua	



## CAMBIO POLÍTICO

Semella que o período electoral non rematou. Nunca un verán foi tan "produtivo" en actuacións "ambientais", e por partida dobre. No mes de xullo, o goberno en funcións foi capaz de sacar adiante un bon número de actuacións, sexan obras propias ou permisos para obras alleas, que superan o que se podería esperar de todo un ano. É salientábel a licitación do contrato de concesión dunha planta de tratamento de lodos de depuración. Cun orzamento de máis de 118 millóns de euros, este contrato condicionará as decisións relativas á selección de alternativas, declaración de impacto ambiental e demais permisos para autorización da obra. Introduce por tanto inseguridade ambiental, o que unido a non sustentabilidade da alternativa eleixida (secado térmico en réxime de coxeración, energeticamente ineficiente) e as inxustificadas dimensións do contrato fan razoábel a suspensión do proceso.

Porén, a nova Consellaría de MA aínda non paralisou a día de hoxe ningunha destas actuacións. Moi ao contrario, ao longo de agosto e setembro, tivo lugar unha sucesión interminábel de novas promesas de obras e financiamentos, o que claramente contrasta coa información oficial de que as arcas están vacías. Ou non, pois moitas destas aparentes decisións de investimento en actuacións ambientais continúan tendo o cariz de promesas electorais. Unha das máis spadas e a relativa ao "urxente e inmediato" saneamento integral das rías, que desde unha óptica máis realista "vai para longo", como afirma o Conselleiro de MA nestas páxinas.

Inmersos neste electoralismo postelectoral, os colectivos ambientalistas e veciñais afectados por obras nos ríos ou en espazos da Rede Natura seguen á espera dun signo de cambio que vaia máis aló da propaganda. A punta do iceberg son as obras da piscifactoría de Rinlo (A Mariña) ou os encoros de FENOSA no Ulla. Nestes conflitos, ecoloxistas e veciños seguen atopándose sós (ou case) ante a maquinaria pesada do poder.

Habería que conceder eses 100 días de graza ao recentemente conformado novo goberno. Porén, cen días máis servirán para que esas decisións, as máis das veces pragadas de irregularidades de diverso tipo, sexan irreversíbeis.

### CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Xan Duro, Emilio Ínsua, Miguel Lima, Daniel López Vispo, Xesús Pereiras, Ramsés Pérez, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Lois Toirán e Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Outono - 2005

Nos artigos asinados, respéitase a normativa lingüística do texto orixinal. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, exceptuando as fotografías, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA editase en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuir á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

DIRECCIÓN E COORDENACIÓN  
Manuel Soto

DESEÑO, FOTOGRAFÍA E  
MAQUETACIÓN  
Alberte Sánchez

PUBLICIDADE E ADMINISTRACIÓN  
Silvia Amor

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA  
Alberte Sánchez

IMPRESIÓN  
Grafinova, S. A.  
D.L.: C-913/1986 • ISSN: 1136-2677

**cerna**

Tel. e Fax: 981 570 099  
Praza Camilo Díaz Valiño 15, 2º A  
15704 Santiago de Compostela  
Correo electrónico: cerna@adegagaliza.org  
Web: www.adegagaliza.org

# BREVES

**O VALEDOR DO POBO** recomendou á consellería de medio ambiente que cumpra a normativa sobre os órganos de participación social. No caso de Augas de Galicia, o Valedor do Pobo considerou que os feitos denunciados son especialmente negativos, pois a FEG xa presentou anteriormente outra queixa polo mesmo motivo. Outros órganos de participación social denunciados foron o Consello Galego de Medio Ambiente e o Observatorio Galego de Educación Ambiental.

**QUE FOI DA A21L** e o Consello Municipal do Ambiente (CMA) en Compostela? O CMA convocouse de novo o pasado mes de Xullo, cun único punto na orde do día: Información sobre o PXOM. Había un ano que non se reunía o CMA, e a Axenda 21 Local (A21L) atópase igualmente paralisada. As organizacións ambientais ADEGA e OUREOL demandarán explicacións de Xosé A. Sánchez Bugallo.

**LIXO CRESCE EM PORTUGAL.** O país irmão em 20 anos aumentou 125% a produção de resíduos, e actualmente são produzidas 4,5 milhões de toneladas de resíduos domésticos por ano. Cada cidadão português produz diariamente cerca de 1,2 kg. É fundamental procurar reduzir este valor, à semelhança do que têm feito outros países da União Europeia, como é o caso da Bélgica que reduziu 4%, da Alemanha e da Itália - 1%, da Holanda - 3%, ou da Finlândia -10%, antes que a situação se agrave ainda mais. A produção de resíduos é uma ineficiência, pelo que a sua prevenção pode ter um efeito muito positivo na economia de um país, como Portugal, muito dependente de recursos externos, informa a associação Quercus.

**CATÁLOGO DE ESPECIES AMEAZADAS.** ADEGA demanda da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostibél a aprobación inmediata dun Catálogo Galego de Especies Ameazadas rigoroso. ADEGA presentou alegacións ao borrador de catálogo presentado polo anterior Goberno autonómico, ao con-

## ADEGA-OURENSE ILP RIOS, DEFENSA DAS BURGAS, EDUCACION AMBIENTAL ...

ADEGA-Ourense coordinou a campaña da ILP en toda a provincia, con mesas informativas e recollida de sinaturas en diversos eventos e locais públicos (universidade, institutos). A exposición "Río Arnoia - pasado e presente", do 23 ao 29 de Maio na Casa da Xuventude de Ourense, contou cunha charla-colóquio (con Coto do Frade) sobre a situación actual da Construción da Minicentral do Arnoia no concello da Merca e do Embalse de Frieira (río Miño), no Ribeiro.

ADEGA-Ourense participou nunha concentración en Verín para denunciar o impacto da construción dunha estrada que atravesa o Río Támega, a que seguiu un roteiro para coñecer a riqueza ecolóxica do lugar, xunto con veciñas e veci-



ños de Verín. A Plataforma pola Defensa das Burgas centrou importantes esforzos de ADEGA. Aliás, participamos en campañas como "Hai que Botalos" e programas de radio para a difusión da Campaña "Pobreza Cero". O uso dos animais nas festas da provincia (touradas, chegas de bois, boi de Allariz), a Xornada de xogos populares na romería étnográfica Raigame, e a celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, tamén contaron coa atención de ADEGA-Ourense.

### EN PROXECTO: DINAMIZACIÓN AMBIENTAL NO CASCO VELLO DE OURENSE

A Asociación de Comerciantes da Rúa Colón e o Centro Comercial Aberto do Casco Vello, solicitaron a colaboración de ADEGA para un proxecto de Dinamización do Casco Vello. ADEGA-Ourense contactou coa Asociación Cultural Gomes Mouro e o Centro Cultural Xaquín Lourenzo, co fin de elaborar un proxecto integral de educación ambiental no sentido máis amplo: actividades culturais, participación social e ecoloxía.

O resultado final foi un proxecto piloto cunha duración de dous meses. A finalidade do mesmo, é sacar conclusións sobre as posibilidades de desenvolver un proxecto para dous anos. O proxecto tivo moi boa acollida, comprometéndose as entidades proponentes á busca de financiamento.

## TERRACTIVA

FEIRA DE PRODUTOS ECOLÓXICOS, ARTESANÍA, TERAPIAS  
ALTERNATIVAS E COLECTIVOS SOCIAIS

15 -16 outubro 2005  
Recinto Feiral de Arzúa

Nesta III Edición do FESTIVAL TERRACTIVA contaremos cun festival ecolóxico con múltiples actividades educativas, lúdicas, festivas, teatrais, etc. no que unha parte primordial será a Feira Ecolóxica "Feir@ctiva". Nesta feira pretendemos que haxa expositores de todo tipo dentro destas categorías e moitas outras: agricultura, produtores e produtos ecolóxicos, comercio e establecementos ecolóxicos, bioconstrución, menciñas alternativas e terapias naturais, ecoturismo, ocio ecolóxico, artesanía, etc.

+ información: galicia@coperactiva.org, www.culturactiva.org

# O GRUPO VERDIÑ@S: UN ANO DE ACTIVIDADES

María Gigirey

ADEGA leva xa moitos anos desenvolvendo un intenso traballo no eido da Educación Ambiental. Dentro deste traballo, a realización de actividades con nenos e nenas adoitaba realizarse no marco dos centros de ensino ou da colaboración institucional, evidenciando a ausencia dun grupo propio de rapaces e rapaces. A orixe de Verdiñ@s sitúase na necesidade de solucionar esta carencia, artellando un grupo de xente nova para realizar un programa de educación ambiental, desenvolvendo actividades dun modo estábel e continuado no tempo.

Partimos da base de que, sendo unha proposta de actividades propia, debería ir dirixida a socias e socios. Sorprendentemente, a proposta xerou tamén interese en xente allea a Asociación, que entrou a formar parte de ADEGA a través desta actividade

O programa dirixiuse a nenas e nenos maiores de cinco anos, polo que a nosa prioridade foi darlle forma e estabilidade ao grupo, atendendo máis a obxectivos de forma que de contido, aos valores máis que aos conceptos. Partimos dunha idea sinxela: se non sabemos respectarnos nós e entre nós, dificilmente saberemos respectar o que nos rodea. Comezamos así dende unha base moi primaria, sendo a nosa ferramenta principal o xogo. A través deste enfoque lúdico, suavizamos distancias para construímos o noso propio ámbito de traballo, as nosas pautas de grupo, e a achegámonos ao contorno ambiental máis inmediato.

As actividades realizámonas case sempre no exterior, aproveitando a meteoroloxía favorábel do pasado inverno, coñecendo de preto o entorno ambiental que rodea Compostela: paseos, recollidas de lixo, observación de distintos aspectos relacionados cos ciclos da terra e a súa relación coa fauna e flora, así como do uso que as persoas facemos do noso medio, foron os conceptos teóricos, en torno aos que estruturamos as actividades de Verdiñ@s.

Cada actividade veu acompañada dun material gráfico adaptado ás idades dos/das participantes: mapas, fichas de campo, e dunha serie de xogos que permitiron dar forma aos contidos que traballamos en cada xornada.


Os/as Protagonistas foron as propias nenas e nenos e o seu contorno ambiental, co fin de facelos participantes dun todo, a Terra, do que formamos

**"Partimos dunha idea sinxela: se non sabemos respectarnos nós e entre nós, dificilmente saberemos respectar o que nos rodea"**

parte todos os seres vivos. A harmonía co noso medio, co noso planeta, ven despois de comprender que formamos parte dese todo, coma unha peza máis, tan importante como as outras, e afastándonos da idea de que a terra nos pertence. Un concepto tan obvio coma ese entraña certa complexidade á hora de programar actividades para xente miúda. De novo, o xogo foi fundamental para achegar estes dous mundos, teórico e práctico.

As actividades desenvolvéronse un sábado ao mes ao longo de 10 meses, paralelo ao calendario escolar, rematando o curso cun roteiro polas Terras da Ulloa no que participaron tamén as nais e pais dos/das Verdiñ@s.

Como avaliación final do curso, realizouse unha enquisa entre as familias participantes nas que constatamos un alto grao de satisfacción co desenvolvemento das actividades, cos/coas educadores/as e coa propia dinámica do grupo, manifestando a vontade de seguir a participar no mesmo o vindeiro curso.



ADEGA-Compostela

siderar que presenta importantes insuficiencias. Neste senso, cómpre salientar a non inclusión de ningunha especie de grandes grupos como as bolboretas, os peixes ou os fungos.

**"UNHA COSTA CHEA DE VIDA, UN PATRIMONIO AMEAZADO"** é o título dun folleto sobre a costa galega e os seus espazos naturais, editado por ADEGA. Nel ponse de manifesto que a costa da nosa terra constitúe un rico patrimonio ambiental de enorme importancia socioeconómica que está a sufrir un serio proceso de degradación. ADEGA defende a conservación e uso apropiado da costa a través de medidas como a xestión integrada do litoral ou a xestión sostíbel da pesca.



**ÚLTIMO CASO DE POLÍTICA ANTIDEMOCRÁTICA DO PP?** O pasado 12 de xullo, ADEGA demandou da Consellería de Medio Ambiente explicacións sobre o anuncio de licitación, polo sistema de concurso público e trámite de urxencia, para a contratación da asistencia técnica para o deseño e posta en marcha do Centro de Información Ambiental, cun orzamento de 450.000 euros. O anuncio foi publicado no Diario Oficial de Galicia do 1 de xullo, co Goberno en funcións. Isto aconteceu logo do abandono, e mesmo desprezo, que a Consellería de Medio Ambiente ten manifestado pola educación ambiental, do que é exemplo destacado o esquecemento da Estratexia Galega de Educación Ambiental (EGEA), deixada nun caixón dende que se aprobou en 1999.

**CONTRATACIÓN VERDE.** No marco das directivas europeas sobre contratación pública, ADEGA e outros

grupos ecoloxistas da OEMA (Oficina Europea do Ambiente) pidiron unhas compras públicas con criterios ambientais e sociais. O Estado español debe incorporar dúas directivas comunitarias (Directivas 2004 / 18 / CE e 2004 / 17 / CE) sobre contratación pública. Queren que o diñeiro dos cidadáns se utilice con criterios ambientais e sociais. Arredor do 16 % do PIB europeo supón o diñeiro que as administracións públicas gastan en contratación de servizos, obras ou subministro de produtos. O alcance de aplicar criterios ambientais e sociais nestas actividades sería moi importante. Por exemplo, segundo datos da Comisión Europea, se todas as autoridades públicas da Unión Europea comprasen electricidade limpa, aforrariase o equivalente de 60 millóns de toneladas de CO<sub>2</sub>, o que equivale ás emisións dunhas 6 centrais térmicas de carbón como a das Pontes. A xuízo das organizacións españolas do EEB, o goberno central ten unha oportunidade de ouro para demostrar o seu compromiso coa sostibilidade.

## ANULADO O ENCORO DO ARNOIA.

A iniciativa do BNG contou co apoio do PSOE no Congreso dos Diputados o pasado mes de xuño, polo que se acordou a paralización formal da construción dun encoro e o trasvase do río Arnoia. A medida vai acompañada do compromiso de que os 72,1 millóns de euros do seu orzamento se destinen a proxectos de saneamento e abastecimento de auga nos concellos de Allariz, Xunqueira de Ambía e Ourense.

**AEMS-RIOS CON VIDA** logra no Tribunal Supremo a primeira sentenza firme sobre caudais ecolóxicos no Estado español, tras 14 anos de xuízo. Trátase dos caudais ou augas que os concesionarios de encoros han de permitir que circulen polos ríos afectados co fin de intentar manter os ecosistemas fluviais. O que xa é firme é que os caudais mínimos impostos pola Confederación Hidrográfica do Teixo son "claramente insuficientes" e "non se fundamentan en criterios técnicos ou científicos", algo que deberá remediar sen demora o Ministerio de Medio Ambiente, para dar cumpri-


## ADEGA-COMPOSTELA NOVA DIRECTIVA, ILP, PROXECTO RÍOS

O pasado 30 de Abril celebrouse a asemblea anual de ADEGA-Compostela, na que se escolleu nova Directiva: continúan Carlota de Vega como Presidenta, Xosé María García como Secretario e Luis Cachafeiro como Tesoureiro, e incorpóranse como Vocais Miguel Cid, Xosé Salvadores e María Gigirey. A Asemblea fechouse cunha charla sobre Os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio e a campaña Pobreza Cero. O mesmo día entregáronse os V Premios Dioxina e Osíxeno á peor e millor actuación ambiental. Este ano o premio Dioxina foi outorgado a empresa MIGASA, polos movementos de terra realizados afectando ao perfil do río Berdía. O premio Osíxeno foi entregado ao Alcalde de Rois Xosé Manuel Penas Patiño, pola sensibilidade ambiental demostrada desde o goberno municipal e o desenvolvemento de iniciativas de sensibilización ambiental novidosas. Tamén

o Concello de Ames foi felicitado pola Delegación de Compostela pola súa aposta pola compostaxe na xestión dos seus RSU.

ADEGA-Compostela xunto coa SGHN-Compostela organizou unha Mesa Redonda sobre Xestión Forestal e Biodiversidade, acto no que se proxeitou a curtametraxe de Pablo García "O Bosque Desanimado".

Esta Delegación implicouse no apoio á ILP na Defensa dos Ríos, tanto coa recollida de asinaturas como nas diferentes mobilizacións da campaña. Tamén participou na marcha polo traslado de ENCE fora da ría de Pontevedra, manifestación para a que fletou un bus. Ademais acudiu á concentración convocada por Pobreza Cero, difundiu a campaña de Obxección Fiscal 2005 e segue a participar nas convocatorias da Masa Crítica.



Xosé María García

Denunciamos publicamente a solta de visóns americanos (*Mustela vison*) dunha granxa en San Marcos (xunto coa FEG e a SGHN), apresentamos alegacións a un proxecto de minicentral, e xunto con Oureol, denunciámos a parálise do Consello Municipal de Medio Ambiente de Santiago e da A21L. A Delegación de Compostela integrouse no Proxecto Ríos realizando a súa primeira inspección nun treito do río Sar. E un ano máis, participou na Escola de Verán do Concello de Santiago desenvolvendo actividades de Educación Ambiental no CEIP Colexiata de Sar, nesta ocasión o tema a traballar foi a Cidade Verde.

## ABRAZO NA PONTE contra as plantas de celulosa

Miles de persoas argentinas e uruguais encontráronse o pasado mes de abril sobre a Ponte Internacional General San Martín, que une ambos países, para rexeitar a instalación de dúas plantas de celulosa (unha finlandesa e outra española) que pretenden instalarse sobre o Río Uruguay.

Desde Uruguay, as organizacións convocantes denuncian que "o ar, a auga, o solo e a saúde das poboacións de ambas marxes do Río Uruguay sufrirían efectos nefastos pola contaminación destas xigantescas fábricas. As empresas afánanse en vácuas promesas de prosperidade, xa que a produción se alimenta de extensos monocultivos situados en terras que en Uruguay xa están pasando aceleradamente a mans de empresas extranxeiras, aumentando os latifundios. O suposto investimento é moi inferior ás cifras que difunden as empresas, quedando o grosu en Europa, na compra de sofisticada maquinaria. Ademais, as empresas beneficiaríanse do réxime de zona franca, co que tanto a importación da maquinaria como a propia operativa das plantas quedarán exentas de impostos. Os prometidos empregos son tan só os escasos postos directos e un balanço negativo en empregos indirectos, xa que as fábricas desprazarán outras actividades como o turismo, a pesca artesanal, a apicultura, a agricultura, etc."

+información: [www.wrm.org.uy](http://www.wrm.org.uy)

## ADEGA-COSTA DA MORTE

### FORTE IMPACTO DE TRES HIDROLÉCTRICAS DE FERROATLÁNTICA NO RÍO XALLAS

Ferroatlántica pretende ampliar a capacidade das centrais de Fervenza e de Ponte Olveira, xa existentes. Para iso, e para non deter temporalmente a produción eléctrica, a empresa proxecta construír nas proximidades dúas novas instalacións autónomas das anteriores. ADEGA-Costa da Morte manifestouse totalmente en contra desta alternativa, xa que se podería saldar coa destrución dun contorno de grande beleza e riqueza ecolóxica, especialmente salientábel no caso de Ponte Olveira.

Por outra banda, Ferroatlántica conta cunha terceira central en proxecto, a ubicar en Xestosa, ao lado mesmo da Devesa de Anllares. Este bosque constitúe a décima devesa de toda Galiza en canto a extensión, o que é indicativo da súa importancia ecolóxica, especialmente pola proximidade ao litoral. Aliás, este novo aproveitamento desviaría o caudal da única parte do río que permanece en bon estado, habida conta de que o resto do río Xallas atópase fortemente alterado por presas, encoros e derivacións. ADEGA solicitou que a Consellaría de MA non autorice en forma algunha o proxecto.

Asimesmo, ADEGA denunciou o estado no que se atopa o último tramo do río Xallas, cun leito completamente seco desde que se construíu a presa de Santa Uxía.

#### LODOS DE DEPURACIÓN EN TERRE-NOS FORESTAIS

ADEGA e a Asociación de veciños Santa María de Traba (Coristanco) denunciaron o vertido de lodos contaminantes en diversas áreas forestais da comarca de Bergantiños. Dacordo cos resultados dun estudo químico, algunhas partidas dos lodos vertidos poden superar os contidos máximos en metais pesados previstos na normativa española en vigor.

En calquera caso, esta normativa atópase desfasada, de tal forma que o contido en metais pesados dos lodos é moi elevado, polo que non se poden aplicar aos terreos agroforestais ou na xardinería sen riscos de contaminación do solo e das augas. Así, todas as mostras analizadas superan os contidos en cobre e zinc da referencia Ecoetiqueta, actualmetne exixida pola Xunta ao compost da planta de Nostián. Tamén se supera o contido en cadmio en tres das catro mostras e en chumbo e mercurio nunha das mostras.

Segundo ADEGA, o uso masivo de lodos crus (sen estabilización) nos montes, que se ven xeneralizando nos últimos anos en Galiza, debe ser denunciado. Con esta práctica estase transferindo unha forte contaminación ao meio natural, aínda que se reduza a súa entrada inmediata (pero non definitiva) na cadea trófica, como ocorrería cando se empregan en cultivos.

miento a esta sentenza. + información: [www.riosconvida.org](http://www.riosconvida.org)

#### PROTECCIÓN DAS AUGAS SUBTERRÁNEAS EN RETROCESO NA UE. A Oficina Europea do

Ambiente (OEMA), da que forma parte ADEGA, ven desenvolvendo unha intensa campaña a favor do desenvolvemento da Directiva Marco da Auga (DMA) no que respecta ás augas subterráneas e a súa protección contra a contaminación química. A OEMA denuncia que se está retrocedendo en relación á normativa existente (que conta con máis de 25 anos de antigüidade), introducindo novas excepcións e reducindo controles, no lugar de avanzar polo viero aberto pola DMA. As augas subterráneas dan de beber a máis de 2/3 da poboación europea, e ademais son o soporte dunha fauna vulnerábel pero esencial. A contaminación química é un dos principais problemas que sofren as augas residuais, xa que unha vez contaminadas poden pasar décadas ou séculos sen posíbel recuperación.

#### MINICENTRAL NO RÍO PONTEPEDRA. ADEGA rexeitou un

aproveitamento hidroeléctrico no río Pontepedra, en Tordoia (A Coruña). A nova central hidroeléctrica provocaría unha degradación inaceptábel nun tramo fluvial de grande beleza paisaxística, caracterizado pola presenza de rápidos e fervenzas. A achega desta central ao parque de xeración eléctrica sería insignificante, pois representaría tan só o 0,01% da potencia eléctrica total instalada no


## ADEGA-BARBANZA

### VERTIDO INCONTROLADO DE RESIDUOS INDUSTRIAIS

Adega-Barbanza denunciou o vertido diante da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental. Os residuos vertidos inclúen fragmentos de cunchas e materia orgánica en descomposición, subprodutos do procesado industrial do mexilón, posibelmente procedentes de fatorias adicadas á obtención de carbonato cálcico a partires das cunchas.

O vertido carecía de autorización, avaliación de efectos ambientais, e medidas de contención e seguridade como a impermeabilización da base e a

cobertura superior. Entre os impactos, ADEGA denunciou a afectación á paisaxe, os cheiros perceptíbeis varios centos de metros arredor do vertido, e a contaminación orgánica potencial dos acuiferos da zona por escorrentía e infiltración. A zona conta cunha importante poboación de anfibios e réptiles, incluíndo un núcleo de reprodución da saramaganta (*Chioglossa lusitanica*), especie estritamente protexida e o territorio de caza da aguia cobreira (*Circetus gallicus*).



ADEGA-Barbanza

noso país. Tamén sería desprezável a redución de contaminación que suporía. Por exemplo, evitaría tan só 0,06% das emisións anuais de dióxido de carbono, gas causante do cambio climático, da central térmica de carbón de Meirama, situada nas proximidades.

**ACORDO POLA PESCA SUSTENTÁBEL.** A Universidade da Coruña, a Fundación Oceano Vivo e WWF/Adena asinaron en xullo un Convenio Marco de colaboración a prol da pesca sustentábel en Galiza. Trátase dunha iniciativa pioneira no Estado español porque supón unha alianza estratéxica entre os pescadores, a través da Fundación Oceano Vivo, unha organización ambientalista e un grupo de investigación pesqueira. Na sinatura do convenio anunciouse a convocatoria de microproyectos, aberta a todas as confrarías e asociacións de mariscadores de Galiza ou particulares que presenten proxectos de interese para as confrarías en cuxo territorio se desenvolva o mesmo e financiado pola Fundación Oceano Vivo.

**WEB DA APDR.** A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR), unha das principais asociacións ecoloxistas do país, vén de estreir unha web ([www.apdr.info](http://www.apdr.info)). Nela pódese ver unha reportaxe fotográfica da multitudinaria manifestación polo traslado do complexo Celulosas-ELNOSA de Lourizán celebrada en Pontevedra o 4 de xuño pasado.

**PEIT INSUSTENTÁBEL.** Como tamén fixo ADEGA, as principais organizacións ecoloxistas estatais (Ecologistas en Acción, SEO/Birdlife, Greenpeace, WWF/Adena, Greenpeace) criticaron fortemente o Plano Estratéxico de Infraestruturas e Transporte (PEIT) do Goberno central. A pesar dalgunhas melloras a respecto do documento inicial, estas entidades achan que o PEIT, que incorpora as infraestruturas de transporte recollidas no Plan Galicia, é ambientalmente incompatible. O PEIT "non permitirá cumprir co Protocolo de Quioto" e fará de España o estado europeo "con máis quilómetros de autovías e autoestradas por habitante, por vehículo e, tamén, en termos absolutos".

## ADEGA-VIGO

### NOVA DIRECTIVA E NOVOS PROXECTOS

O pasado sábado 10 de setembro constituíuse a nova delegación de ADEGA en Vigo. A nova directiva conta con Miguel Lima como presidente, Xián Nieto como secretario e Xoan Vilaboa como tesoureiro. Coa creación desta nova delegación intentárase reactivar a presenza da asociación na zona. Como quedou patente na asemblea, os problemas aos que nos enfrontamos son moitos, dende as innumerábeis agresións á ría e a outros espazos naturais, até a problemática do transporte comarcal, pasando polos lumes ou a xestión da

auga. Son preocupantes, por citar algún exemplo, os casos da depuradora do Lagares, a degradación das Gandaras de Budiño, o novo plan xeral de Vigo, os proxectos eólicos no Suído, os recheos e portos deportivos que sempre ameazan o noso litoral, ou o vertedoiro incontrolado na Guarda. Traballo hai abondo. Dende aquí convidamos a todos os socios e socias, e simpatizantes de ADEGA, a colaborar no arranque desta delegación.

Contacto: [adegavigo@adega.info](mailto:adegavigo@adega.info)

### RENACE A ESPERANZA PARA O RÍO ULLA

Hai dúas razóns que permiten vislumbrar un mellor futuro para o río Ulla. Por unha parte, a sentenza do tribunal contencioso de Pontevedra que en abril deste ano declaraba nula a concesión dos sete aproveitamentos que a Xunta lle outorgara á Fenosa neste río, e pola outra, que o Consello da Xunta, á instancia da Consellaría de Industria, suspendía cautelarmente o proceso de expropiación das fincas afectadas por dous deses aproveitamentos, na súa reunión do 1 de setembro.

Agora estamos agardando a que se proceda á paralización das obras nestes encoros, mentres non se resolva o recurso que Fenosa e Augas de Galicia presentaron á referida sentenza. Nos últimos días houbo un cruce de declaracións entre o conselleiro de medioambiente e os alcaldes dos concellos afectados sobre a quen compete a paralización destas obras. Os afectados

**A consellaría de medio ambiente ten unha boa ocasión para demostrar que vai aplicar unha nova política para os nosos ríos**

consideramos esencial esta paralización para evitar que pola vía dos feitos consumados logo non sexa posíbel a volta atrás, aínda que o recurso confirme o fallo inicial. Aquí ten a consellaría de medio ambiente unha boa ocasión para demostrar que vai aplicar unha nova política para os nosos ríos, dando continuación a ese primeiro paso da consellaría de industria. ADEGA e a Platafor-

ma do Ulla xa solicitaron unha entrevista co conselleiro para que nos indique cal vai ser a decisión a tomar.

Por último lembramos que, neste río, o anterior goberno concedeu no mes de xullo dous novos aproveitamentos, cando xa estaba en funcións, por un procedemento sumarísimo. Contra estes dous proxectos imos presentar recurso de alzada que terá que resolver o conselleiro de medio ambiente.

### ILP EN DEFENSA DOS RÍOS

Rematado o prazo para entregarmos as sinaturas de apoio á iniciativa legislativa popular en defensa dos ríos, conseguíase reunir 38.995 sinaturas validadas. Agora, a Xunta Electoral constatará o anterior e trasladará a información á Mesa do Parlamento e a Comisión Promotora da ILP. A Comisión Promotora vai procurar que a defensa no Parlamento teña lugar no que fica de ano. Tamén pedirá reunións con tódolos grupos parlamentarios para ver que postura van adoptar e coa Presidenta do Parlamento Galego Dolores Villarino, para que se axilize a burocracia. Parabéns a todos e a todas polo compromiso e o esforzo en defensa dos nosos ríos.

+ información: [www.ilprios.org](http://www.ilprios.org)



Segundo un informe da campaña Armas Baixo Control, desenvolvida por Amnistía Internacional e Intermón-Oxfam, os países do G8 son responsábeis do 84% das exportacións mundiais de armas. Os cinco principais exportadores de armas do mundo son, por esta orde, Estados Unidos, Reino Unido, Franza, Rusia e Alemaña. No tocante á exportación de armas lixeiras, coas que cada ano se mata a meio millón de persoas, o podio é ocupado por Estados Unidos, Italia e Alemaña.

**OS OITO ESTADOS MÁIS RICOS DO MUNDO INVISTEN NA INDUSTRIA DO ARMAMENTO DEZ VECES MÁIS DO QUE EN AXUDA AO DESENVOLVIMENTO.** Os países do G8 non só non respeitan os embargos de Nacións Unidas, senon que tamén violan as súas propias leis. Esta atitude ten como consecuencia a perpetuación de conflitos, o aborto de procesos de paz e a violación de dereitos humanos en todo o mundo.

Na reunión celebrada a comezos de Xullo en Gleneagles (Escocia), o G8 recoñeceu a necesidade de mellorar "a efica-

cia dos controlos sobre a transferencia de armas pequenas e lixeiras", así como que "o desenvolvemento de normas internacionais sobre transferencia de armas sería un paso importante para abordar-mos a indesexábel proliferación de armas convencionais".

Armas Baixo Control demanda que se dea o paso da retórica ás accións concretas e defende que, se o problema está no G8, sexan os demais países os que desbloquen a situación. A campaña propón a elaboración e adopción dun tratado internacional para o control do comercio de armas que poña fin ás máis prácticas existentes. Este tratado, cuxa idea xa foi asumida por máis de vinte países, deberíase aplicar a todo tipo de armas, ser vinculante e estar baseado no dereito internacional.

#### O CASO DO ESTADO ESPAÑOL

O Estado español continúa a vender armas a países que non cumpren o Código de Conduta da Unión Europea. En 2004 exportáronse armas a países en conflito -Colombia, Israel-, con algún

tipo de embargo ou restrición na importación de armas -Sudán, Ghana- ou onde non se respetan os dereitos humanos -Arabia Saudí. Máis do 30% dos destinos de armas españolas vulnera o Código de Conduta da UE.

Despois de ser estes feitos denunciados, e tras dous anos de presión, o presidente Zapatero anunciou o seu apoio a un tratado internacional para o control do comercio de armas. Amnistía Internacional e Intermón-Oxfam achan que este apoio se debe traducir en accións concretas: aplicando de modo estrito, todos os ministerios implicados, o Código de Conduta da UE; informando ao Congreso sobre os avances na discusión internacional do tratado e explicando qué accións desenvolve e desenvolverá para a súa elaboración; presentando un proxecto de lei española sobre comercio de armas; facendo parte do grupo de países impulsores do tratado e colaborando activamente na súa elaboración.

+información: [www.armasbajoccontrol.org](http://www.armasbajoccontrol.org), [www.escolapau.org](http://www.escolapau.org)

**Programa de Educación e Sensibilización Ambiental**  
**2005-2006**  
 dirixido a tód@l@s escolares e colectivos sociais  
**Infórmate!**

  
**CEIDA**  
 Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia  
 Castelo de Santa Cruz s/n - Liáns (Oleiros)  
 tlf: 981 630 618 fax: 981 614 443 correo-e: [ceida@ceida.org](mailto:ceida@ceida.org) web: [www.ceida.org](http://www.ceida.org)

## DESARROLLO SOSTENIBLE Y HUELLA ECOLÓGICA

Martín Palmero, Federico (editor). A Coruña, Netbiblo: 2004


O concepto de desenvolvemento sustentábel tense convertido no novo "mantra" do mundo occidental, invocándose para definir practicamente calquera actividade humana, como se o simple feito de nomear o termo lexitimara calquera acción. Como indica o editor do libro, contabilízanse máis de 200 interpretacións distintas do concepto e teñen tal amplitude, que mesmo Ronald Reagan e Margaret Thatcher, paladíns do neoliberalismo máis radical, respaldaron no ano 1988 a súa implantación.

Neste libro, Federico Martín Palmero, profesor de Análise Económica e Administración de Empresas na UDC, consegue clarificar o

concepto, partindo da análise da súa evolución dende as primeiras conceptualizacións. Define o que se entende por desenvolvemento sustentábel forte e debil dentro dos modelos existentes e avalía os seus sistemas de medición. Dentro destes, céntrase na pegada ecolóxica proposta por M. Wackernagel, como indicador de sustentabilidade forte para logo proceder ao seu cálculo e aplicación a Galiza, con sorprendentes e preocupantes resultados.

A segunda parte do libro, con capítulos escritos por Fernando González Laxe, Emilio Menéndez Pérez e Fernanda Miguélez Pose, ofrece distintas explicacións dos resultados, tanto dende a perspectiva estrutural como de xestión enerxética (factor de gran incidencia nos resultados da pegada ecolóxica galega). Por último, Jesús Dopico Castro analiza as políticas ambientais actuais e as súas perspectivas de futuro.

Este libro convértese nunha ferramenta imprescindible para coñecer as realidades económico/ambientais de Galiza, olladas dende a perspectiva do desenvolvemento sustentábel forte, medido como pegada ecolóxica, e das posibles vías de mudanza e corrección.



## HORTA ECOLÓXICA NA GALIZA

Guía práctica para o cultivo  
Xan Pouliquen  
Baía Ed. A Coruña 2005-09-16



Este libro, pensado para Galiza desde o comezo até o final, recolle información diversa sobre a produción ecolóxica, e busca resaltar aquela que pode ser de utilidade para as hortas galegas, de acordo coas condicións ecolóxicas e sociais do noso país. Aborda tamén o obxectivo inverso, recollendo información da horta galega de hoxe en día para ver o que se pode aproveitar para unha produción ecolóxica. Parte del está centrado na horta de autoconsumo, pero tamén dá claves técnicas para explotacións agrarias ecolóxicas profesionalizadas.

## EXPOSICIÓN

### PRESTIGE, CRÓNICA NEGRA DUN MODELO ENERXÉTICO INSOSTIBLE

Exposición promovida polo Centro de Extensión Universitaria e Divulgación Ambiental de Galicia (CEIDA) e a Fundación Territori e Paisatge. A exposición "pretende dar a coñecer as consecuencias reais do vertido de fuel do Prestige para reflexionar sobre os problemas ambientais que provoca o noso consumo de enerxía". Está a disposición colectivos, centros de ensino e institucións interesadas.

+información: CEIDA, Tel.: 981 630 618  
ceida@ceida.org, www.ceida.org


## CULTURA E COMPROMISO

O primeiro fim de semana de Setembro, Salvaterra de Minho acolheu a XIX edición do Festival da Poesía. Cultura e compromiso som as constantes do veterano festival que nesta edición canalizou essa segunda máxima pola vía do ambientalismo, sob o lema "Salvem os ríos". Se o Minho é sempre un eixo para o Festival, a súa defensa contra as agresións procedentes de un modelo de desenvolvemento irracional e destrutor figerom que este ano os ríos tomassem especial relevancia.

O Festival arrancou na quinta-feira 1 de Setembro com umha Jornada do Audiovisual dedicada ao cinema galego. A sexta-feira celebrou-se a Noite Brasileira, com a actuación do Trio Pagú com Alex Liberallis. E no sábado, día central do Festival, umha cheia de actividades enchérom umha jornada festiva e de luta desde a manhã até a noite. Exposicións de fotografía (umha homenagem ao patrimonio fluvial galego), pintura, escultura, artesanía; umha feira de material ambientalista na que estivérom presentes Adenco, a

Plataforma en Defensa do Miño e a Asociación Pola Defensa da Ría de Pontevedra (e na que Adega nom puido estar por ter que atender outras luitas), umha conferencia sobre os ríos... forom algunhas das actividades às que o público puido asistir antes do começo do Festival Poético-Musical. Os Carunchos, A Quenlla, Miro Casabella e Nancy Vieira forom compartindo o cenário com um conjunto de poetas novos e consolidados, como é habitual no Festival. Os bascos José Luis Otamendi e Íñigo Aranberri, a catalá Maria Cabrera e o portugués José Viale Moutinho recitárom as suas criações junto a Afonso Pexegueiro, María Comesaña, Antón Lopo e Mário Herreiro. Previsto estava que recitárom também María do Carmo Kruckenberg, Luz Pozo Garza e Bernardino Graña, ainda que nom lhes foi possível por motivos de saúde, e como surpresa, a intervenção de um Neira Vilas que nom quixo perder a celebração. E, para rematar, a Matraca Perversa, pachanga, festa e luta no Festival da Poesía no Condado.

SALVEMOS OS RÍOS  
W.A.A. Ed. Sociedade Cultural e Desportiva  
do Condado  
Salvaterra de Minho, 2005



O libro recolle os textos dos e das poetas participantes na XIX edición do Festival

## SOLTA DE VISÓNS AMERICANOS EN COMPOSTELA

Un grupo de animalistas provocou a comezos de xullo a liberación de miles de visóns dunha granxa situada perto de Santiago. Moitos foron capturados ou morreron atropelados ou de fame e sede. Porén, algúns seguramente conseguirán sobrevivir, con consecuencias negativas para os nosos ecosistemas. As fugas e as soltas intencionadas de visóns americanos son unha ameaza nada desprezábel para a biodiversidade.

As granxas de visóns, nas que os animais levan unha vida e unha morte miserábeis co único propósito de satisfacer un luxo dunha minoría social, son totalmente rexeitábeis. Mais tamén o é a solta duns animais alleos ao medio natural da nosa terra. As organizacións ecoloxistas e a maioría dos grupos que defenden os dereitos dos animais condenan estas accións irresponsábeis. Foi o que fixo tamén unha vez máis ADEGA, xunto coa Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN). Malia a confusión que adoitan introducir os medios, os prota-

gonistas destes sucesos, que se repiten de vez en cando, nada teñen a ver coas organizacións de defensa ambiental e non son nin se poden considerar ecoloxistas.

O visón americano é unha especie alóctona invasora cuxa introdución na nosa natureza ten consecuencias negativas para a fauna autóctona e para o funcionamento dos ecosistemas. Os expertos en conservación da biodiversidade recomentan tomar medidas de xestión para evitar novas liberacións de visóns.


A expansión do visón americano é unha das principais causas de regresión do visón europeo, unha especie ameazada que na Península Ibérica só vive no País Basco, Navarra, A Rioxa e Burgos. O visón americano compite co europeo e transmite o virus da doenza aleutiana do visón.

### O VISÓN AMERICANO EN GALIZA

Chegou a Europa co auxe das granxas peleteiras. En Galiza poden atoparse poboacións en expansión na franxa costeira das provincias de Pontevedra e A Coruña. Coloniza rapidamente o territorio instalándose preferentemente no contorno de masas de auga: ríos, regatos, encoros, marismas, etc.

Polos seus hábitos alimentarios representa un gran perigo cando se atopa fóra do seu medio natural, xa que se trata dun depredador oportunista e xeneralista. As súas presas son moi variadas: invertebrados (insectos, crustáceos, moluscos), peixes, anfibios, réptiles, aves e pequenos mamíferos.

É presa de mamíferos como o raposo e a lontra e de aves como o bufo real (especie en perigo de extinción na nosa terra). Estes inimigos naturais non están a exercer unha presión significativa sobre o visón americano.



**ALVARELLA**  
ecoturismo

**Turismo e Natureza**

- ◆ Aula de natureza
- ◆ Actividades de educación ambiental
- ◆ 60 prazos no ALBERGUE e 8 na CASA
- ◆ Turismo cultural
- ◆ Rutas de senderismo
- ◆ Obradoiros
- ◆ Xogos ambientais
- ◆ Xogos tradicionais
- ◆ Horto ecolóxica
- ◆ Enerxías renovables
- ◆ Piscina
- ◆ Pista deportiva
- ◆ Servizos concertados de piragüismo, vela e cabalos

Breanca Doraña s/n 15637 Vilamaior A Coruña  
Tf./fax 981.79.88.63 info@alvarella.com

[www.alvarella.com](http://www.alvarella.com)

*Achégate ó Parque Natural das Fraças do Eume*

# A CASA DA MOURA

rua da barreira 9 a coruña

A Directiva Hábitats, aprobada pola Unión Europea en 1992, di que nos lugares designados de importancia comunitaria (LIC) "os Estados membros adoptarán as medidas apropiadas para evitar a deterioración dos hábitats naturais e dos hábitats de especies, así como as alteracións que repercutan nas especies que teñan motivado a designación das zonas, na medida na que ditas alteracións podan ter un efecto apreciable no que respecta aos obxectivos da presente Directiva."

Para os responsábeis de Meio Ambiente, -de antes ¿e dagora?-, ocupan 42.000 m<sup>2</sup> cun edificio administrativo de dúas plantas e unha batería de piscinas destinadas a engorde de polbo e rodaballo non é dun efecto apreciable, aínda que se trate dun LIC costeiro de reducida extensión (297 Has) e xa demasiado deteriorado e urbanizado.

A Directiva Hábitats continúa: "No caso de que o lugar considerado albergue un tipo de hábitat natural e/ou unha especie prioritarios, unicamente se

**As entrevistas cos novos responsábeis de Meio Ambiente de nada teñen servido. Sobran argumentos, falta sensibilidade ou vontade política.**

poderán alegar consideracións relacionadas coa saúde humana e a seguridade pública, ou relativas a consecuencias positivas de primordial importancia para o meio ambiente, ou ben, previa consulta á Comisión, outras razóns imperiosas de interese público de primeira orde".

E, a pesar de todo, para os responsábeis de Meio Ambiente, -de antes ¿e dagora?-, cando o promotor se chama D. Enrique López Veiga\*, -eficiente "ministro" de Acuicultura no Goberno de Fraga-, en sociedade con nomes de tanta alcurnia como o de D. Ramón Álvarez-Cascos, todo se amaña decretando que a afección non pasa de 427 m<sup>2</sup> e engadíndolle á Declaración de Impacto Ambiental unhas medidas correctoras que nen siquera necesitan ser sometidas a unha avaliación previa.

Os escritos e as sucesivas entrevistas cos novos responsábeis de Meio



Montse Lombardía

Ambiente solicitando a revisión da Declaración de Impacto Ambiental de nada teñen servido ata o día de hoxe: sobran argumentos (incúmprese a Directiva Hábitats, non se téñen avaliado ningunha ubicación fora da zona protexida, non se téñen avaliado o impacto sobre o banco de percebes do acantillado, non se téñen avaliado o impacto sobre as pescarías de polbo, non se teñen avaliado as medidas correctoras, non houbo consulta europea,...), falta sensibilidade ou vontade política.

Con tais antecedentes e un alcalde capaz de outorgar unha licenza municipal sen previamente contar coas preceptivas autorizacións da Consellaría de Pesca (para, entre outras cousas, a ocupación do dominio público e da súa zona de protección) e sen siquera agardar pola publicación no DOG do acordo do Consello da Xunta aprobando o correspondente proxecto sectorial, o señor Álvarez-Cascos non tarda en empezar as obras.

Ante tais feitos, despois de denunciar no SEPRONA estas obras e ante a inacción da administración para facer cumprir a legalidade, non tivemos máis remedio que poñernos diante das máquinas durante máis dunha semana ata que unha orde xudicial, que interpreta que a nosa é unha vía de feito inadmisibel en dereito e que o dereito de propiedade é ilimitado, nos obrigou a desaloxar a parcela.

Simultaneamente, os recursos de ADEGA conqueriron a paralización das obras polo Contencioso-Administrativo (1 de Setembro) e polo penal (2 de Setembro). Mais a influencia de Alva-

rez-Cascos (e do seu padriño, Enrique López Veiga) chega aínda moi lonxe e valéndose de catro biólogos da escola de Felipe Macías que, sen escrúpulos de ningún tipo testifican diante da xuíza que alí non existe tal hábitat prioritario nen o pode haber e que, en calquer caso, é doado de recuperar, o xulgado do Contencioso-Administrativo, sen ter en conta o informe do SEPRONA, levanta a paralización cautelar.

Cando redactamos estas notas, a mediados de setembro, continúa a paralización polo Xulgado de Mondoñedo. As esperanzas de que se manteña por moito tempo son escasas. A xustiza deste país pouco sabe aínda de valores ambientais, e segue tendo medo de empresarios de cheque grande.

Pola nosa parte, seguiremos insistindo por todas as vías posibles. A Directiva



92/43 danos a razón. Os nosos espazos da Rede Natura teñen o mesmo valor que os espazos naturais de Asturias, onde esta instalación foi rexeitada en dúas ubicacións (concello de Valdés e concello de Castropol) por afectar a espazos protexidos. E é tempo xa de que o saiban tamén os novos responsábeis da Consellaría de Meio Ambiente: custa traballo entender que, despois de tanto tempo denunciando os abusos do PP co meio ambiente e de tanta promesa de que se ían a revisar as decisións que o Goberno de Fraga tomou durante a interinidade, se deixe poñer en marcha un Plano Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria que se aproba no último mes e un proxecto sectorial, como este de D. Ramón Álvarez-Cascos, que se aproba no último Consello da Xunta anterior.

Neste momento, estamos a preparar xa o recurso de apelación contra o levantamento das medidas cautelares e novas denuncias contra dos responsábeis das obras por danos ao meio ambiente. Mais, a vista do que sabemos, pouco confiamos nelas. Por iso, centraremos os esforzos nunha campaña de denuncia social. Para que este desprezo polo nosos espazos naturais non poda quedar impune; queremos contar con todas e todos vós.

\*Enrique López Veiga: Conselleiro do Goberno Fraga. Foi capaz de superar a crise do Prestige sobre a pesca grazas á promoción de paradores de turismo, autovías, concentracións parcelarias e valas publicitarias. A el débéselle tamén a modificación en decembro do 2004 da Lei 9/2002, do solo de Galiza, para facer posibel un millor aproveitamento dos espazos da Rede Natura con instalacións de acuicultura e a aprobación en menos dun mes dun "moderno" Plano Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria na costa galega para ofrecer aos seus socios de negocio o solo que precisan.

+información: [adegalugo@adegagali-za.org](mailto:adegalugo@adegagali-za.org). Tel.: 982-240299 / 639.664924



Montse Lombardía



Montse Lombardía

## PLANO S. PARQUES DE TECNOLOXÍA ALIMENTARIA APROBADO POLA XUNTA DO PP EN FUNCIÓNS Xosé Veiras

O anterior Goberno autonómico, cando xa estaba en funcións, aprobou o Plano Sectorial de Parques de Tecnoloxía Alimentaria nas Costas Galegas, promovido a través da Consellaría de Pesca e Asuntos Marítimos. Fixoo de forma precipitada e sen diálogo social, considerando tan só os intereses empresariais.

O Plano non exclúe como zonas aptas para a instalación de granxas de cultivos mariños aquelas áreas de maior valor ecolóxico, como os espazos naturais que forman parte da Rede Natura 2000. ADEGA presentou alegacións durante a fase de consulta pública, conseguindo que se exclúen ou se reducese a superficie afectada dalgúns espazos naturais de interese. A pesar diso, o Plano segue a ser ambientalmente inaceptábel, polo que ADEGA solicitou a súa revisión ao novo Goberno autonómico. A Federación Ecoloxista Galega (FEG) e a asociación "Salvemnos Pontevedra" tamén pediron que o Plano se modifique para que sexa compatíbel coa conservación da biodiversidade e con outros usos do litoral.

O Plano permite e facilita a instalación de piscifactorías en espazos naturais protexidos ou no seu contorno próximo. Alén de Rinlo, na zona da Rede Natura 2000 As Catedrais, unhas dez instalacións deste tipo prexudicarán outros espazos da Rede Natura 2000, como a Costa Ártabra, a Costa da Morte e o Complexo Umia-O Grobe, e mesmo o Parque Natural de Corrubedo.

# PROPOSTAS PARA UNHA NOVA POLÍTICA AMBIENTAL

Manuel Soto e Xosé Veiras

O conxunto das políticas autonómicas non ten contribuído até hoxe a frear o proceso de deterioración ambiental e a aproximar o noso país ao obxectivo do desenvolvemento sustentábel. Os diferentes indicadores dispoñíbeis adoitan ser negativos e tenden a empeorar: a grande pegada ecolóxica, o forte aumento do consumo de enerxía ou da xeración de residuos, o crecemento das emisións de gases causantes do cambio climático, o altísimo número de lumes forestais, o aumento do número de especies ameazadas de extinción...

Por outra banda, é incuestionábel a progresiva toma de conciencia da sociedade galega sobre a importancia dos problemas ambientais e a necesidade de actuar. A mobilización fronte á catástrofe do Prestige é unha proba diso. Porén, a Xunta non ten estado á altura das demandas sociais, mesmo en moitos casos ten sido un dos axentes de destrución ambiental. Segundo o Estudo sobre a situación política e social de Galicia, do Centro de Investigacións Sociolóxicas do Ministerio da Presidencia (abril-maio de 2005, [www.cis.es](http://www.cis.es)), o 35,7% dos galegos e galegas cualifican de mala ou moi mala a xestión da Xunta canto á protección do ambiente, fronte a só un 22,3 % que a valoran como boa ou moi boa.

A derrota do PP nas eleccións de xuño e a formación dun goberno de coalición entre o PSdG-PSOE e BNG abre unha nova etapa política da que se esperan avances importantes en materia de protección ambiental e sustentabilidade. Diferentes organizacións ecoloxistas analizaron este cambio, fixeron propostas para unha nova política ambiental e comprometéronse no seu apoio.

Nestas páxinas sintetizamos dous documentos ao respecto: o chamado "Programa para a Terra", asinado en maio de 2005 por ADEGA, FEG e CEMMA, e que recolle algunhas das principais propostas ecoloxistas para a presente lexislatura. Valorado polo conselleiro de MA como un programa de máximos, identifica, porén, con claridade as medidas máis

urxentes ao longo de 14 áreas sectoriais. As entidades ambientalistas califican estas medidas de necesarias, posibles, e realistas, pois xa teñen sido adoptadas en países da nosa área xeográfica, incluso dentro do Estado español.

Abordamos tamén unha avaliación da actual situación ambiental, feita a través dun total de 12 indicadores sintéticos. Estes documentos serán unha referencia para valorar o progreso na política ambiental galega nos próximos anos e, xunto coa entrevista ao Conselleiro de MA que acompaña estas páxinas, marcan o punto de arranque do novo escenario político.

### UN PROGRAMA PARA A TERRA

Este programa recolle propostas para avanzar cara a unha Galiza sustentábel na presente lexislatura. Argumentase a favor dunha necesaria e urxente nova estratexia a longo prazo, que vaia alén da política ambiental e debe traducirse en feitos concretos e significativos. É o momento de pasar das palabras aos feitos.

Algunhas das prioridades salientadas por estas entidades son a elaboración dunha nova Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentábel ou Axenda 21 Galega, un maior control da aplicación da lexislación ambiental e o desenvolvemento da Lei de Protección Ambiental de Galiza, a revisión da normativa sobre avaliación ambiental, unha reforma fiscal de tipo ambiental, e a introdución de criterios ambientais na compra de bens e na contratación de servizos pola Xunta. Asemade, é necesario democratizar os medios de comunicación públicos e avanzar na democracia participativa, en particular no que atinxe aos asuntos ambientais.

### OBSERVATORIO GALEGO DA SUSTENTABILIDADE

A Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) presentou 12 indicadores ambientais que mostran como o modelo de desenvolvemento de Galiza é ecoloxicamente insustentábel. A grande

maioría destes indicadores mostran unha situación comparativamente peor que a dos países e rexións do noso contorno.

Estamos a dilapidar e malgastar capital natural e a estragar o territorio. Usamos de forma ineficiente e en exceso os recursos naturais. Cada vez xeramos máis residuos e máis contaminación. O noso país crece economicamente á custa dunha maior destrución ambiental, dentro e fóra do noso territorio.

Unha nova e auténtica Estratexia Galega de Desenvolvemento Sustentábel debe definir un sistema completo de indicadores para avaliar os avances e recuos en materia de sustentabilidade e os efectos das políticas impulsadas polos poderes públicos, facilitando que un público amplo poida entender cal é o estado real do noso medio ambiente.

É necesaria a creación urxente por parte da Xunta dun Observatorio Galego da Sustentabilidade. Deberá ser un órgano de carácter técnico e independente das Administracións, capaz de elaborar, actualizar e difundir entre toda a sociedade indicadores de sustentabilidade que permitan detectar as tendencias positivas e as negativas, afortalando as primeiras e corrixindo as segundas. Poderíase establecer como froito dun convenio entre a Xunta e as Universidades galegas que garanta a súa independencia, credibilidade e solvencia.

### INDICADORES AMBIENTAIS

Segundo a Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), dependente da Unión Europea, un indicador "cuantifica a información mediante a agregación de diferentes datos dando lugar a información sintetizada e simplificada que axuda a describir e valorar fenómenos máis complexos".

A AEMA Estabelece catro tipos de indicadores:

-Indicadores descritivos ou de situación: analisan o que está ocorrendo no medio ambiente e na sociedade.

-Indicadores de realización ou rendemento: comparan a situación actual do ambiente cunha situación de referencia. Xa que logo, permiten medir a distancia entre a situación actual e a desexada.

-Indicadores de eficiencia: relacionan as presións ao medio ambiente coas actividades humanas.

-Indicadores de benestar: analisan aspectos do desenvolvemento sustentábel.

A AEMA ten elaborado numerosos indicadores ambientais. En febreiro deste ano, aprobouse a creación do Observatorio da Sustentabilidade en España, impulsado polo Ministerio de Medio Ambiente, a Fundación Biodiversidade e a Universidade de Alcalá de Henares. En xuño presentou o seu primeiro informe, "Sostenibilidad en España 2005", utilizando 55 indicadores. O Goberno Vasco dispón dun sistema de

indicadores ambientais que serve de base para a elaboración do informe trianual "Estado do Medio Ambiente na Comunidade Autónoma do País Vasco", ademais dun sinxelo informe anual sobre a evolución ambiental de Euskadi. Tamén algúns municipios como Barcelona, Bilbao, Córdoba, Xixón ou Zaragoza (mais ningún deles galego) téñense dotado dun sistema de indicadores, xurdidos das respectivas Axendas 21 locais.

# UN PROGRAMA PARA A TERRA



EIDO	SITUACIÓN ACTUAL / IMPACTOS	COMPROMISOS PROPOSTOS
<b>USO EFICIENTE DA ENERXÍA</b>	A produción, transformación e consumo de enerxía é a principal causa de deterioración Ambiental. O obxectivo central debe ser a redución do consumo de enerxía a través do aforro e da eficiencia, seguíndolle o fomento de todas as enerxías renovábeis.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia Galega de Cambio Climático. Redución substancial das emisións das centrais térmicas.</li> <li>- Programa de Aforro e Eficiencia Enerxética.</li> <li>- Programa de Fomento das Enerxías Renovábeis.</li> <li>- Revisión do Plano Sectorial Hidroeléctrico de Galiza-Costa e do Plano Sectorial Eólico. Suspensión provisional da execución de presas hidroeléctricas e de parques eólicos e exclusión da súa instalación dos espazos naturais protexidos.</li> </ul>
<b>TRANSPORTE SUSTENTÁBEL</b>	Custos ambientais moi importantes: enerxía, cambio climático, degradación ambiental das cidades e vilas, altos custos sanitarios, fragmentación do territorio, deterioración de espazos naturais, desigualdade social... Requérense planos de infraestruturas baseados na xestión da demanda, e outro deseño urbanístico.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Plano Galego de Transporte e Infraestruturas, tendo como prioridades a "creación de proximidade" e a redución da demanda de transporte, o fomento da intermodalidade ...</li> <li>- Instar ao Goberno central a revisar o Plano Galicia.</li> <li>- Exixir un moderno ferrocarril mixto pasaxeiros/mercadorías (220 Km/h) e nova liña Santiago-Lugo.</li> <li>- Creación de servizos ferroviarios de cercanías.</li> <li>- Promover o transporte público no medio rural.</li> </ul>
<b>PREVENCIÓN DE RESIDUOS</b>	Forte aumento na xeración de residuos urbanos nos últimos anos. A política centrada na incineración da anterior Xunta é incompatible cunha aposta real pola estratexia dos tres erres (redución, reutilización e reciclaxe).	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Nova Lei de Residuos Urbanos.</li> <li>- Prioridade da estratexia dos tres erres. Redución dun 1% anual da produción de residuos.</li> <li>- Reconversión de SOGAMA e abandono da incineración antes do 2010.</li> <li>- Plano xeral de Compostaxe e plantas comarcais de compostaxe e reciclaxe. Compostaxe caseira.</li> </ul>
<b>INDUSTRIA ECOEFICIENTE</b>	O consumo enerxético e a contaminación da industria a respecto do total é superior en Galiza que no Estado español e na UE-15. Algúns sectores concentran grande parte da contaminación e dos residuos procedentes da industria (enerxético, alumina-aluminio, pasta de papel,...).	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Novo Plano de Residuos Perigosos con obxectivos de redución de residuos en orixe.</li> <li>- Programa de Fomento da Ecoeficiencia na industria: redución de recursos empregados por unidade producida.</li> <li>- Traslado do complexo industrial ENCE-ELNOSA.</li> <li>- Rexistro de emisións contaminantes e residuos, de acceso público.</li> </ul>
<b>TERRITORIO E URBANISMO</b>	O uso inadecuado do territorio é causa de degradación ambiental: densificación e caos construtivo, perda de terras de interese agrario, maior demanda de transporte, congestión do tráfico, destrución de espazos de interese natural, desequilibrio territorial, deterioración da paisaxe...	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Modificación da Lei de ordenamento do territorio.</li> <li>- Aprobación das Directrices xerais de ordenamento.</li> <li>- Penalizar a vivenda vacía e potenciar a recuperación dos cascos históricos e das casas de arquitectura tradicional.</li> <li>- Garantir que os Planos Xerais de Ordenamento Municipal (PXOM) sexan ecoloxicamente sostíbeis.</li> </ul>
<b>LITORAL LIMPO E VIVO</b>	As costas galegas sofren impactos múltiples: contaminación, mareas negras, urbanismo desordenado, recheos, infraestruturas... As Administracións públicas son a miúdo o axente destrutor: Planos Xerais de Ordenación Municipal, portos agresivos, piscifactorías en espazos naturais, impactantes paseos marítimos, etc.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lei galega de costas e estratexia de xestión integrada do litoral.</li> <li>- Revisión da Lei de defensa das rías.</li> <li>- Completar o saneamento integral das rías antes do 2009.</li> <li>- Medidas de seguridade, control do tráfico marítimo e recuperación ambiental propostas por Nunca Máis.</li> <li>- Rede de espazos naturais protexidos mariños.</li> </ul>


EIDO	SITUACIÓN ACTUAL / IMPACTOS	COMPROMISOS PROPOSTOS
<b>BIODIVERSIDADE</b>	Cun proceso rápido e sen precedentes de perda da diversidade biolóxica, Galiza está á cola de España en materia de protección especial de espazos naturais, en cantidade e calidade. É a Comunidade autónoma que menos porcentaxe da súa superficie achega á Rede Natura 2000 da UE, e non garante a conservación dos espazos incluídos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento e aplicación inmediata da Estratexia Galega para a Conservación e o Uso Sustentábel da Biodiversidade.</li> <li>- Ampliación da rede de espazos de protección especial até o 10% da superficie galega. Plans Reitores en todos os Parques Naturais.</li> <li>- Catálogo de Especies Ameazadas rigoroso e Planos de recuperación para todas as especies en perigo.</li> <li>- Ampliación, vixilancia e xestión dos espazos da Rede Natura 2000.</li> <li>- Ampliación do Parque Nacional das Illas Atlánticas.</li> </ul>
<b>NOVA CULTURA DA AUGA</b>	Augas de Galicia entende a política de augas como unha política de obras públicas, vendo nos ríos só canles de auga, unha concepción obsoleta. O Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa e o Plano Sectorial Hidroeléctrico son incompatíbeis coa Directiva Marco da Auga, que é preciso ir aplicando.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma en consideración da iniciativa lexislativa popular pola defensa dos ríos.</li> <li>- Revisión do Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa e reforma de Augas de Galicia.</li> <li>- Garantir a depuración dos vertidos urbanos e industriais e a súa sustentabilidade.</li> <li>- Programa para o deslinde, protección e recuperación das ribeiras dos ríos.</li> <li>- Rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos.</li> </ul>
<b>XESTIÓN FORESTAL SUSTENTÁBEL</b>	O elevadísimo número de lumes, a expansión masiva e desordenada dos eucaliptais, a destrución dos bosques autóctonos máis valiosos, as prácticas de manexo ambientalmente inapropiadas das plantacións forestais e a súa localización en terras de interese agrario ou alto valor ecolóxico,.... son algúns dos principais desafíos que debe afrontar a política de montes da Xunta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lei de Montes.</li> <li>-Revisión do Plan Forestal: sustentabilidade e diversificación dos usos do monte.</li> <li>- Pacto social polo monte e contra os lumes.</li> <li>-Apoiar a certificación forestal do sistema FSC.</li> <li>- Promoción da xestión sustentábel dos montes en man común.</li> </ul>
<b>UN MEDIO RURAL VIVO</b>	O medio rural é a maior extensión de natureza do noso país, mais sen produción agraria non pode cumprir o seu papel protector do ambiente. Compre a progresiva ecoloxización das nosas producións, asegurando á vez unha remuneración digna aos labregos e labregas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia e plano para o desenvolvemento da produción ecolóxica e de circuitos comerciais en Galiza.</li> <li>- Emprego de todas as ferramentas necesarias para o fomento de producións menos agresivas.</li> <li>- Servizos de investigación e extensión agraria públicos para a desintensificación das producións galegas.</li> <li>- Promover a prohibición inmediata dos cultivos transxénicos.</li> <li>- Revisión da política de concentracións parcelarias.</li> </ul>
<b>PESCA CON FUTURO</b>	Como a nivel mundial, a pesca galega afronta importantes problemas de sobreexplotación, tanto nos caladoiros costeiros como nos de altura (augas comunitarias e internacionais). Non atender as advertencias fundamentadas da comunidade científica e non tomar medidas a tempo ameaza o futuro da pesca.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Rede de reservas mariñas de interese pesqueiro.</li> <li>-Loita decidida contra a pesca ilegal. Control axeitado das descargas nos portos galegos.</li> <li>-Conservación e recuperación dos recursos mariños, redución do esforzo pesqueiro, artes selectivas e non destrutivas ((Fondo Europeo de Pesca).</li> <li>-Apoiar unha moratoria internacional da pesca de arrastre de profundidade.</li> </ul>
<b>EDUCAR NA SUSTENTABILIDADE</b>	A Educación Ambiental (EA) é unha ferramenta fundamental para a sostiabilidade. A Estratexia Galega de EA de 1999 foi esquecida polo Goberno autonómico, mais segue sendo un documento válido que cómpre actualizar e aplicar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lei de EA.</li> <li>- Desenvolver a estratexia mediante Planos Sectoriais de EA.</li> <li>- Incorporación de programas de EA en todos os planos e programas ambientais ou con incidencia no ambiente.</li> <li>- Plano de Formación de educadores e docentes.</li> <li>-Apoio ás accións de EA das entidades cívicas.</li> </ul>
<b>DEMOCRACIA AMBIENTAL</b>	A participación nos asuntos públicos con incidencia no ambiente é un requisito para o desenvolvemento sustentábel. É tamén unha crecente demanda social, respaldada hoxe polo Convenio de Aarhus sobre acceso á información, á participación pública na toma de decisións e ao acceso á xustiza en asuntos ambientais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reforma inmediata do Consello Galego de Medio Ambiente e doutros órganos consultivos.</li> <li>- Aplicación do Convenio de Aarhus.</li> <li>- Potenciar o papel das organizacións de defensa ambiental.</li> <li>- Crear un Observatorio Galego da Sostiabilidade.</li> <li>- Democratizar os medios de comunicación públicos.</li> </ul>
<b>UN NOVO ESTATUTO</b>	O novo Estatuto de Autonomía para Galiza supón unha oportunidade única para pensarmos qué Galiza queremos e cómo é que a queremos construír. Debe servir para afrontar os desafíos formulados pola crise ecolóxica global, construíndo Galiza desde a sostiabilidade ecolóxica e a xustiza social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñecemento, á cidadanía galega actual e ás xeracións futuras, do dereito a gozaren dun contorno natural saudábel e da seguridade alimentaria.</li> <li>-Compromiso de avanzar na soberanía alimentaria.</li> <li>-Creación da figura d@ Valedor(a) da Terra e as Xeracións Futuras.</li> <li>-Declaración de Galiza como Zona Non-Nuclear.</li> <li>- Ampliación das competencias autonómicas en planificación hidrolóxica, xestión da costa, transporte,...</li> </ul>



EIDO	SITUACIÓN ACTUAL / IMPACTOS	COMPROMISOS PROPOSTOS
<b>BIODIVERSIDADE</b>	Cun proceso rápido e sen precedentes de perda da diversidade biolóxica, Galiza está á cola de España en materia de protección especial de espazos naturais, en cantidade e calidade. É a Comunidade autónoma que menos porcentaxe da súa superficie achega á Rede Natura 2000 da UE, e non garante a conservación dos espazos incluídos.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desenvolvemento e aplicación inmediata da Estratexia Galega para a Conservación e o Uso Sustentábel da Biodiversidade.</li> <li>- Ampliación da rede de espazos de protección especial até o 10% da superficie galega. Plans Reitores en todos os Parques Naturais.</li> <li>- Catálogo de Especies Ameazadas rigoroso e Planos de recuperación para todas as especies en perigo.</li> <li>- Ampliación, vixilancia e xestión dos espazos da Rede Natura 2000.</li> <li>- Ampliación do Parque Nacional das Illas Atlánticas.</li> </ul>
<b>NOVA CULTURA DA AUGA</b>	Augas de Galicia entende a política de augas como unha política de obras públicas, vendo nos ríos só canles de auga, unha concepción obsoleta. O Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa e o Plano Sectorial Hidroeléctrico son incompatíbeis coa Directiva Marco da Auga, que é preciso ir aplicando.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Toma en consideración da iniciativa lexislativa popular pola defensa dos ríos.</li> <li>- Revisión do Plano Hidrolóxico de Galiza-Costa e reforma de Augas de Galicia.</li> <li>- Garantir a depuración dos vertidos urbanos e industriais e a súa sustentabilidade.</li> <li>- Programa para o deslinde, protección e recuperación das ribeiras dos ríos.</li> <li>- Rede de vixilancia e control do estado ecolóxico dos ríos.</li> </ul>
<b>XESTIÓN FORESTAL SUSTENTÁBEL</b>	O elevadísimo número de lumes, a expansión masiva e desordenada dos eucaliptais, a destrución dos bosques autóctonos máis valiosos, as prácticas de manexo ambientalmente inapropiadas das plantacións forestais e a súa localización en terras de interese agrario ou alto valor ecolóxico,.... son algúns dos principais desafíos que debe afrontar a política de montes da Xunta.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lei de Montes.</li> <li>-Revisión do Plan Forestal: sustentabilidade e diversificación dos usos do monte.</li> <li>- Pacto social polo monte e contra os lumes.</li> <li>-Apoiar a certificación forestal do sistema FSC.</li> <li>- Promoción da xestión sustentábel dos montes en man común.</li> </ul>
<b>UN MEDIO RURAL VIVO</b>	O medio rural é a maior extensión de natureza do noso país, mais sen produción agraria non pode cumprir o seu papel protector do ambiente. Compre a progresiva ecoloxización das nosas producións, asegurando á vez unha remuneración digna aos labregos e labregas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Estratexia e plano para o desenvolvemento da produción ecolóxica e de circuitos comerciais en Galiza.</li> <li>- Emprego de todas as ferramentas necesarias para o fomento de producións menos agresivas.</li> <li>- Servizos de investigación e extensión agraria públicos para a desintensificación das producións galegas.</li> <li>- Promover a prohibición inmediata dos cultivos transxénicos.</li> <li>- Revisión da política de concentracións parcelarias.</li> </ul>
<b>PESCA CON FUTURO</b>	Como a nivel mundial, a pesca galega afronta importantes problemas de sobreexplotación, tanto nos caladoiros costeiros como nos de altura (augas comunitarias e internacionais). Non atender as advertencias fundamentadas da comunidade científica e non tomar medidas a tempo ameaza o futuro da pesca.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Rede de reservas mariñas de interese pesqueiro.</li> <li>-Loita decidida contra a pesca ilegal. Control axeitado das descargas nos portos galegos.</li> <li>-Conservación e recuperación dos recursos mariños, redución do esforzo pesqueiro, artes selectivas e non destrutivas ((Fondo Europeo de Pesca).</li> <li>-Apoiar unha moratoria internacional da pesca de arrastre de profundidade.</li> </ul>
<b>EDUCAR NA SUSTENTABILIDADE</b>	A Educación Ambiental (EA) é unha ferramenta fundamental para a sostiabilidade. A Estratexia Galega de EA de 1999 foi esquecida polo Goberno autonómico, mais segue sendo un documento válido que cómpre actualizar e aplicar.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lei de EA.</li> <li>- Desenvolver a estratexia mediante Planos Sectoriais de EA.</li> <li>- Incorporación de programas de EA en todos os planos e programas ambientais ou con incidencia no ambiente.</li> <li>- Plano de Formación de educadores e docentes.</li> <li>-Apoio ás accións de EA das entidades cívicas.</li> </ul>
<b>DEMOCRACIA AMBIENTAL</b>	A participación nos asuntos públicos con incidencia no ambiente é un requisito para o desenvolvemento sustentábel. É tamén unha crecente demanda social, respaldada hoxe polo Convenio de Aarhus sobre acceso á información, á participación pública na toma de decisións e ao acceso á xustiza en asuntos ambientais.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Reforma inmediata do Consello Galego de Medio Ambiente e doutros órganos consultivos.</li> <li>- Aplicación do Convenio de Aarhus.</li> <li>- Potenciar o papel das organizacións de defensa ambiental.</li> <li>- Crear un Observatorio Galego da Sostiabilidade.</li> <li>- Democratizar os medios de comunicación públicos.</li> </ul>
<b>UN NOVO ESTATUTO</b>	O novo Estatuto de Autonomía para Galiza supón unha oportunidade única para pensarmos qué Galiza queremos e cómo é que a queremos construír. Debe servir para afrontar os desafíos formulados pola crise ecolóxica global, construíndo Galiza desde a sostiabilidade ecolóxica e a xustiza social.	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Recoñecimento, á cidadanía galega actual e ás xeracións futuras, do dereito a gozaren dun contorno natural saudábel e da seguridade alimentaria.</li> <li>-Compromiso de avanzar na soberanía alimentaria.</li> <li>-Creación da figura d@ Valedor(a) da Terra e as Xeracións Futuras.</li> <li>-Declaración de Galiza como Zona Non-Nuclear.</li> <li>- Ampliación das competencias autonómicas en planificación hidrolóxica, xestión da costa, transporte,...</li> </ul>

## "IMPLANTAREMOS O CONCEPTO MEDIOAMBIENTAL DUNHA MANEIRA TRANSVERSAL"

Informes e expertos científicos coinciden en salientar a negativa situación ambiental en Galiza, caracterizada por altos impactos en relación ao resultado económico, históricas eivas e caos na xestión ambiental, ineficiencia... e achacan a responsabilidade fundamental ao poder autonómico da era Fraga. Porén, despois de 16 anos, temos novo goberno na Xunta, novo conselleiro e novo equipo na consellaría de Medio Ambiente. Tamén novos compromisos, mais sobre todo, moitas expectativas e esperanzas para achar a solución a numerosos problemas ambientais, moitos deles xa vellos e enquistados. Ao fronte da Consellaría de Medio Ambiente estréase Manuel Vázquez Fernández. Procedente do mundo municipal (foi alcalde de O Carballiño), como conselleiro comezou a súa relación cos grupos ecoloxistas dunha forma sorprendente, ao tomar a iniciativa para o diálogo. O pasado 21 de setembro conversamos con el para Cerna.



- Que opinión ten sobre a situación ambiental de Galiza?

- Nunha próxima comparecencia parlamentaria presentarei unha proposta: unha das claves da nova época é facer un diagnóstico da situación medioambiental, sen caer no fatalismo

*"Hoxe, un Estudo de Impacto Ambiental é un informe da parte interesada, polo xeral xesgado"*

nen ser moi tenebrosos, senon moi realistas. E a verdade é que a situación é moi complicada, mais iso non é falar mal do noso país, senon recoñecer os feitos e a necesidade de por en marcha unha serie de medidas que deben coñecer os cidadáns. Sen ser fatalistas, partimos dunha situación mala, mais imos marcar unha nova época.

- Como ten pensado que debe ser a relación da Consellaría cos colectivos ecoloxistas?

- Tiña a sensación de que os cidadáns eramos os inimigos desta consellaría. Aquí crían nos intereses macroeconómicos e o resto era ver como se salvaban das protestas medioambientais e veciñais. Estou vendo que non ía moi desencamiñado nesa sensación. Para min, a clave de desenvolvemento sostíbel dun país é buscar unha política de equilibrios, pero en base a unha negociación sobre unha realidade. Un exemplo é o do Porto Exterior de Ferrol. Lévasse media montaña por diante: dicir que aquilo non ten impacto medioambiental é dicir tonterías. Poderíase dicir: ten impacto medioambiental, pero hai un interese estratéxico de país que obriga a termos que facer ese impacto. Aquí había unha política ocultista dos impactos ambientais. Eu creo que temos que

cambiala por unha política realista. Eu nunca verei aos colectivos medioambientalistas como un avversario, véxoo como unha parte deste país que ten que opinar. Unhas veces coincidiremos, outras veces non, unhas veces enfadarémonos, outras non, pero si lle podo

*"A primeira carencia é a falla dun plano de ordenamento dos recursos naturais"*

garantir que van estar sempre presentes no debate, e que a súa opinión vai ser unha parte fundamental do tema. Quero romper un tabú: os colectivos medioambientais non son os inimigos da consellaría, senon que temos que convertelos en aliados, aínda que ás veces teñamos diferenzas ou non coincidamos nas formulacións.

- Coñece o documento conxunto "Un programa para a Terra"? Hai sinto-

nía do novo goberno con esas propostas?

- Coñézo e hai sintonía. Pero entendo que é un programa de máximos, como non pode ser doutra maneira, vindo de onde ven. Eu podo coincidir con el, pero

*Non imos facer o modelo anterior á inversa, imos respectar o sistema de garantías e cumprir a lei"*

despois este país é o que é. Eu teño que conseguir que este país se mova e entregalo dentro de catro anos igual ou mellor do que o atopei, pero o primeiro é conseguir que ande. Como conselleiro de MA probablemente haberá moitas cousas que non poderei ir literalmente a por elas.

- Porén, semella que situacións como as do Ulla, ou a de Rinlo na Mariña están xerando xa algún desencanto, non?

- Estamos aterrizando nun campo de minas. Porque digo isto?. Por exemplo, porque para conceder unha minicentral o trámite administrativo dura tres anos mentres algunhas fixéronse en dous meses. Pero eu creo que un país democrático baséase nun sistema de garantías, e o que non queremos é romper o sistema de garantías. Eu dígo-lle a todo o mundo que non imos facer o modelo anterior á inversa. Imos respectar o sistema de garantías e imos cumprir a lei. Neste momento estanse revisando todas

as concesións do Ulla, e probablemente detectaranse vicios administrativos que darán lugar a unha actuación importante. Pero tamén é certo que nalgúns hai unha situación administrativamente estábel, como é no caso das dúas presas de abaixo. Neste momento hai unha sentenza que invalida a concesión de augas de Galicia, pero tamén hai un recurso ao tribunal superior que fai que esa sentenza non sexa firme. Ante todo ten que funcionar o sistema de garantías, e eu teño que estar tranquilo e quieto para deixar que neste momento fale a xustiza. Parar estas dúas presas sería unha insensatez. Non comparto en absoluto o modelo de explotación das minicentrales

*"Estou descubrindo un país que me pón os pelos de punta"*

do Ulla, pero como goberno galego o primeiro é respectar o sistema de garantías, para ben e para mal.

- Cal vai ser o futuro de planos como o hidroeléctrico ou o de piscifactorías?

- Non podo adiantar nada, pero imos tomar unha decisión importantísima. Non comparto en absoluto o modelo que nos toca no plano sectorial, nen no plano hidrolóxico, nen noutras moitas cousas. Creo que este país ten moitas carencias. A primeira é a falla dun plano de ordenamento dos recursos naturais, somos unha das poucas comunidades nas que un

plano deste tipo non existe. Eu acabo de facer unhas delcaracións esta mañá ao ler, con sorpresa, que o alcalde de As Pontes pide a papeleira para As Pontes, dando un argumento que me bota a tremmer, dicindo que teñen o río moi cerca e hai onde coller a auga... Pero eu digo que o río Eume bastante está sufrindo xá, ao lado do río Eume temos As Fragas do Eume, parque natural de Galiza. O río Eume non é seu; hai que ir esquecéndose deses sentidos patrimoniais. Somos un país e imos a funcionar como país.

- A iniciativa legislativa popular (ILP) en defensa dos ríos acadou unhas 40.000 sinaturas de apoio. Vai ser tomada en consideración no Parlamento?

- Tomaremos en conta todas as propostas da iniciativa, e se ven en curso, haberá que tramitala, pero creo que é unha iniciativa pensada para un goberno que xa non está. Eu creo que se nos dan un pouco de tempo, non faría falta esta campaña. Moi pronto, o goberno galego vai por en marcha unhas medidas legislativas coas que non fará falta que se recorra a ILP. Estas xurden cando fracasan os

*"Había unha política ocultista dos impactos ambientais. Temos que cambiala."*

governos nas políticas de prevención, cando un goberno fai deixación de funcións e permite que os nosos ríos sexan esquilados sistematicamente, en todos os ámbitos.

- Cerna aborda neste número a degradación do Courel polas pizarreiras e o atraso de Galiza en materia de agricultura ecolóxica. Que nos pode dicir ao respecto?

- As pizarreiras causan unha degradación ambiental moi importante. Pero teñen a crueldade dunha industria monotemática que engloba a miles de persoas que traballan niso. En Valdeorras, por exemplo, se nós retiramos dun plumazo o modelo de explotación, cargámonos unha comarca enteira. Temos en marcha un plano de rexeneración hidrolóxico forestal das áreas afectadas.



Manuel Soto (a esquerda) co Conselleiro Manuel Vázquez (a dereita), durante a entrevista

Pero hai que ir por partes. Primeiro estamos a pór en marcha o proxecto para que o Courel sexa Parque Natural. Iso leva implícito que hai cousas que non se poden facer alí. Haberá que convencer do desenvolvemento sostíbel aos cidadáns, non lle podemos quitar todo, senon que alí teñen que vivir, para iso temos que complementar outras actividades. Pero hai que parar a situación

*"Unha das claves da nova época é facer un diagnóstico da situación medioambiental"*

actual. En canto á agricultura ecolóxica, temos unha dirección xeral de desenvolvemento sostíbel, que é basicamente Lourizán, e imos dedicarlle moito tempo a este modelo e a buscar incentivos dese tipo, pero toca máis directamente á Consellería de Medio Rural.

- Obxectivo do bipartito: converter SOGAMA nunha incineradora de termo. Qué queren dicir con isto? Cales serán os pasos inmediatos en materia de residuos urbanos?

- Desde o goberno do PP boicoteouse calquera alternativa de recollida de lixo que non fose SOGAMA. Tanto é así que modelos como Nostián ou Lousame están aínda hoxe sen legalizar e sufrindo un ataque sistemático. Temos unha SOGAMA que eu non a faría, pero que está aí, e queremos que sexa menos economicista. Ao mesmo tempo estamos negociando con Nostián

e con Lousame, para optimizar e explorar novas alternativas. Con todo, ao final do proceso en Nostián segue habendo unhas produtos que, dentro da complexidade do mundo este, alguén decide que poden ser incinerados. Sendo realistas, non imos desmontar SOGAMA. Este país necesita unha segunda alternativa; aí é onde abrimos un campo de exploración e diálogo.

- Para cando o saneamento integral das rías?

- Para moito tempo. Levo na política vinte anos, pero no último mes estou descubrindo un país que me pón os pelos de punta. O saneamento da parte norte da Ría de Ferrol é unha obra faraónica: furar unha montaña ao longo de sete km, eliminar media montaña... iso custa miles e miles de millóns de pesetas. Para cando?. Tiñamos que cumprir a Directiva a 31 de xaneiro deste ano 2005, pero seguimos incumpríndoa. O problema é que este sistema custa miles e miles de millóns, por todo o que non se fixo durante os últimos 16 anos de goberno do PP, período no que cada alcalde tivo que ir inventando como sanear os ríos do seu concello. Non podo dicir por tanto para cando, porque en realidade é un itinerario: que quere dicir sanear a ría de Pontevedra?. Aliás, penso que hai que buscar outro modelo. Todo o mundo se queixa da depuradora do Lagares. Tamén está moi cuestionado o modelo de concentración dos vertidos de pequenos núcleos rurais: se despois non limpamos as fosas, é mellor que non concentráramos nada. Imos ser revisionistas nisto.

- Que problemas ambientais sinalaría vostede como prioritarios, de entre os seguintes: -a perservación da paisaxe, -a conservación e reprodución dos recursos produtivos, -a contaminación das augas e os residuos, -o cambio climático, -a perda de biodiversidade.

- Son todos eles complementarios. Se non correximos a contaminación da auga e dos residuos, os recursos naturais vanse. O 40% de todos nós vertemos as nosas augas fecais sen depurar aos nosos ríos e rías. Non temos un problema de conta-

minación atmosférica xeneralizado, temos tremendos focos de contaminación atmosférica. Esta contaminación deriva directamente nunha perda de biodiversidade e tamén nunha deterioración da paisaxe. Temos que buscar fórmulas axeitadas a esta realidade.

- E como actuacións ou ferramentas, cales considera prioritarias: -protección dos espazos naturais, -rigor nos estudos de impacto ambiental, -educación ambiental, -democratización ambiental e participación, -reforma fiscal ecolóxica.

- A pregunta é a onde queremos chegar nós nestes catro anos?: A un modelo de implantación do concepto medioambiental dunha maneira transversal en todas as consellerías e administracións. Non somos unha consellería vertical na que se inventen as actuacións, non. Cada PXOU, por exemplo, vai ter que levar un programa de desenvolvemento sostíbel, un programa de estudos de impacto ambiental e un programa ambiental urbanos. Isto que aquí aínda sona a chino, é o que se está facendo en Catalunya ou no País Vasco. Como se chega a iso non o sei, pero teño claro que hai que chegar, e será tarefa da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostíbel. Non pode haber nen unha soa consellería que actúe por illado, pois Industria, COTOP, Pesca,... todas son fundamentais. Ten que haber unha política horizontal, desde Facenda, coa política fiscal, até cada unha das outras áreas; se non conseguimos iso, non imos ter solución.

- Pode explicitarnos algo máis sobre a súa postura en relación cos estudos de impacto ambiental?

- Primeiro, até agora os estudos de IA preséntaos unha empresa contratada pola empresa presuntamente contaminante. É por tanto un informe de parte, polo xeral xesgado, un estudo a petición dunha parte que é a que paga. Así, a obxectividade resulta complicada. E aquí a Consellería limitábase a avaliar a proposta de impacto ambiental dunha parte. Isto temos que correxilo. En todas as empresas singulares nós temos que por un mecanismo, que aínda non o teño, de estudos ou captas de comprobación e demostración, para evitarmos verdadeiras sorpresas, e temos que axilizar a súa tramitación. Temos que facer prevención de Estudos de Impacto Ambiental: teremos persoal para consulta previa de calquera preproxecto, xa que o problema fundamental é de localización e ordenamento do territorio.



## "Teño unha pregunta para este país: até onde queremos chegar en protección medioambiental?"

- A moitos lectores e lectoras de Cerna interesarlles coñecer a súa visión dos colectivos ecoloxistas. Qué lles pode dicir?

- Colectivos ecoloxistas hai de todo, pero calquera cidadán que fai da militancia ecoloxista unha maneira de vivir, ten que ser absolutamente participe do modelo ambiental, cando menos na exposición. Outra cousa é na toma de decisións: neste sentido, é moi difícil ter o mesmo punto de vista cando es un colectivo de opinión que un órgano de xestión.

- Vai haber Observatorio da Sostibilidade?

- Vai haber unha Axencia Galega de Sostibilidade e vai ser un dos eixos fundamentais da nosa actuación, como xa o era do noso programa.

- Quen vai impulsar e dirixir os avances en relación con Quioto: a consellaría de Industria ou a de MA?

- Nós imos facer a fase de diagnóstico. O tratamento poderemos poñelo ou non, pero quen ten que facer cumprir a contaminación atmosférica é a consellaría de MA.

- Vai haber "compras verdes" por parte da administración autonómica?

- É unha proposta que temos enriba da mesa, na que estamos traballando. Non é fácil.

- Deixará de verse a educación ambiental (EA) como algo perigoso para o goberno?

- Ao revés, a EA é o que lle pode arranxar os problemas a este país. Ocorre que a maioría dos que a reciben, os nenos e nenas, non votan, pero temos que conseguir que a educación sexa o mellor aliado ambiental deste país. Ver o que temos, a pedagogía, a acción didáctica, son elementos fundamentais para compren-

der os problemas e valorar o que temos. E entre as políticas transversais, hai unha que é a principal, a educación.

- Que campañas de concienciación pensa emprender a Consellaría?

- Estamos traballando nun programa claro, pero non che podo dicir neste momento cal é a prioridade, pois temos tantas que aínda non as temos priorizado. O que si vai ser e unha educación interactiva. Non me vale o de editar libros que ninguén le, temos que comezar por algo que ao cidadán de a pé lle interese, e que sexa atractivo para todos e todas.

- O futuro de ENCE: fóra da ría?

- Está claro, e de paso pediría que non a queiran levar para outras rías e outros ríos. Imos gastar 150 millóns de euros en sanear a ría de Ferrol, e propoñenme levar para alí ENCE; non parece moi correcto.

- É asumíbel o impacto da planta de gas de REGANOSA na Ría de Ferrol?

- Penso que habería que incluílo dentro dos temas de interese xeral. O equilibrio entre o impacto que produce e o beneficio estrutural non o teño calibrado, polo que non me atrevo a dicir nada.

- Prioridade: parques eólicos ou protección dos espazos naturais?

- Temos que facer o plano de ordenación de recursos naturais de Galiza. Entón, parques eólicos si, en espazos naturais non. Que sexa claro.

- Vai haber un plano de erradicación de flora alóctona (acacias, eucaliptos) das áreas protexidas?

- Estamos traballando niso. Temos propostas económicas importantes, algunhas moi concretas, pero falamos de moitos cartos.

- Vai haber planos de recuperación e protección da flora e fauna ameazadas de Galiza?

- Vai habelos, pero tamén aí temos o problema económico.

- Sempre o "problema económico"?

- Temos un problema de que país queremos. Eu vou perguntar no Parlamento, ao Presidente, ao goberno e á oposición: nós podemos delimitar os espazos naturais ou zonas da Rede Natura que queiramos, pero se non temos recursos para prevenilos, protexelos, preservalos e incentivalos, entón para que os queremos?. Temos 360.000 Ha de Rede Natura e protexer cada unha custa un promedio de 50 euros ao ano. Necesítanse recursos e iso é o que lle teño que formular a este país. Até onde queremos chegar en protección medioambiental?. Iso é o que eu quero saber.



o seu sabor ...

a súa saúde ...

o seu futuro ...

... a súa garantía

Por volver a disfrutar o mellor sabor de sempre, por un sistema de produción agraria que respeta o medio ambiente e conserva a fertilidade da terra, por garantir a máxima calidade dende a orixe ata a comercialización ... consume produtos ecolóxicos controlados por CRAEGA.



# ADEGA RECLAMA MAIOR ATENCIÓN PARA O MONTE DURANTE TODO O ANO

## INCENDIOS

Xosé Veiras

O balanço de destrución deixado polos incendios durante este ano é un episodio máis dun desastre anunciado e repetido. ADEGA demanda unha reacción política e social enérxicas para que Galiza deixe de ser o país dos 10.000 incendios anuais e o país da UE, xunto co norte de Portugal, con maior densidade de lumes forestais. Para pór fin a este drama, a prevención dos lumes e o desenvolvemento rural sustentábel deben pasar a ser obxecto da máxima prioridade política e dunha permanente preocupación social.

Até comezos de setembro rexístráronse 10.471 lumes, queimándose 48.489 hectáreas de monte. A nova Consellaría de Medio Rural, que asumiu as competencias en materia de montes, non tivo outra opción razoábel que manter o dispositivo para a extinción dos lumes deixado pola Xunta do PP. Onde si se percibiu un cambio foi na transparencia canto á información sobre número de lumes e superficies afectadas, que contrasta co esforzo do anterior Goberno autonómico por ocultar e minimizar o grave problema dos incendios perante a opinión pública.

A xuízo de ADEGA, o Goberno bipartito ten que romper cunha política curto-pracista que nos levou dos 36.342 incendios de toda a década dos 80, aos 93.800 da década dos 90 e aos 52.200 da primeira metade desta década. ADEGA agarda que, a partir do outono, se comece a aplicar o programa de Goberno asinado por PSDG-PSOE e BNG no que se refire ao "deseño dunha política integral de loita contra os incendios que abrangue a ordenación forestal, o estudo da causalidade, medidas preventivas, de infraestruturas e de loita contra a degradación do solo". Unha das primeiras medidas neste senso debe ser a reforma e convocatoria do Consello Forestal, o órgano de participación social na política forestal creado pola anterior Xunta e que até agora nunca se reuniu.

### PACTO SOCIAL CONTRA OS LUMES

ADEGA quere que se multiplique o esforzo policial e xudicial na persecución dos incendiarios. Até setembro tan só se detivo a 134 presuntos incendiarios,

un por cada 80 lumes. Os fiscais de incendios de Galiza tamén consideran escasos os efectivos da Policía Autonómica e da Garda Civil destinados á persecución dos incendiarios. Porén, ver só a dimensión delitiva do complexo problema dos incendios non conduce á súa solución. Cómpre un amplo Pacto social contra os lumes e unha especie de "Plan Galicia" para os montes, mais non un insustentábel plan de asfalto e de formigón, senón un de promoción da xestión ecoloxicamente sustentábel e de creación de emprego.

Para ADEGA, unha nova política de loita contra os lumes ten que priorizar os labores de prevención durante todo o ano. Tamén é desexábel a profesionalización de traballadores/as adicados/as á loita e prevención dos incendios, con contratos indefinidos no canto de temporais. Sen esquecer a educación ambiental e a concienciación para unha maior colaboración cidadá.


A prevención dos lumes, a xestión do monte e o desenvolvemento rural teñen que ser obxecto de maior prioridade orzamentaria. Por exemplo, construír pouco máis dun quilómetro da vía rápida do Morrazo custa máis que os 5,3 millóns de euros adicados o ano pasado a axudas para o fomento da silvicultura e a ordenación de montes arborizados.

Tamén cómpre reforzar a vixilancia. Hoxe só temos un axente forestal por cada 5.400 hectáreas, axentes que en verán están dedicados á extinción de lumes, en detrimento da necesaria vixilancia dos espazos naturais, da caza e da pesca fluvial.

### MOBILIZACIÓNS EN OURENSE

ADEGA participou en dúas mobilizacións contra os lumes. O 27 de agosto, en Celanova, houbo unha concentración baixo o lema "Ningún lume sen castigo. Os incendios son crimes contra a nosa terra". Un capataz da brigada municipal de extinción de incendios deste municipio foi detido acusado de queimar o monte en Rairiz de Veiga. ADEGA denunciou a súa contratación irregular polo Concello de Celanova (carecía do permiso de conducir), que practicou o clientelismo como tantos outros Concellos galegos.

Por outro lado, e dentro dunha convocatoria do Comité de Defensa do Monte Galego de Ourense, ADEGA sumouse a unha concentración requiem polos montes celebrada o 1 de setembro na Praza Maior de Ourense, na que os participantes vestiron de loito.



Galiza é unha das zonas de Europa con maior densidade de lumes, como amosa este mapa da Axencia Europea de Medio Ambiente (AEMA), elaborado a partir de observacións por satélite de lumes forestais no período 1998-2002.

## ENTIDADES PARTICIPANTES

(Primeira campaña, primavera 2005)

IES Esparís (Ames)  
 CEIP Raiña Fabiola (Compostela)  
 CEIP Colexiata do Sar (Compostela)  
 IES Xelmirez I (Compostela)  
 IES Lamas de Abade (Compostela)  
 IES Pontepedriña (Compostela)  
 IES Melide  
 IES Campo de San alberto (Noia)  
 IES Francisco Sanchez (Tui)  
 IES Aquis Querquernis (Bande)  
 IES Lama das quendas (Chantada)  
 IES Chan do Monte (Marín)  
 IES Luis Seoane (Pontevedra)  
 IES Cosme López (A Rúa)  
 IES Xulián Magariños (Negreira)  
 Asociación Mahia negra  
 ADEGA-Compostela  
 ADEGA-Ferrol  
 ADENCO  
 Asociación Néboa  
 Facultade de Ciencias-USC  
 Clube Tea de Piragüismo (Mondariz)  
 Grupo de voluntarios do Porriño  
 AAV Tapada do Cerquido (Porriño)  
 AAV A carballeira  
 AAV Angoares Mondariz

# PROXECTO RÍOS

## PRIMEIROS PASOS: A CAMPAÑA DE PRIMAVERA

Esta primavera Adega botou a andar o Proxecto Ríos, un programa de Educación Ambiental baseado na participación da cidadanía que fomenta o estudo e conservación dos ecosistemas fluviais. A participación concrétese na realización de inspeccións e seguemento de treitos de río escollidos polos/as voluntarios/as. A campaña de outono iniciárase o 15 de setembro e rematará o 1 de novembro.

A coordinación do Proxecto Ríos asesora e facilita aos participantes a documentación e materiais necesarios, e cos informes realizados polos voluntarios/as, nas Campañas de primavera e outono, elaborará un informe anual do estado de saúde dos Ríos galegos.

Na primeira campaña participaron máis de 90 grupos, deles 40 son particulares (amigos e/ou familias), sendo o restante entidades sociais (centros de ensino, asociacións ecoloxistas, universidade, etc), segundo se mostra no cadro.

As entidades de rexime local tamén teñen cabida no Proxecto Ríos, xa que estas poden e deben cumprir unha función pioneira en canto á divulgación e asunción de proxectos que redunden nunha mellora ambiental e polo tanto da calidade de vida da cidadanía. Con este obxectivo, dende o Proxecto Ríos creouse a figura de "Entidade colabora-

dora". Na actualidade asinaron este compromiso o Concello de Miño e O Porriño, e mostraron xa o seu interese os Concellos de Santiago de Compostela, Ames e Carballo.

No mes de novembro realizarase o 1º Encontro anual de Voluntarios/as do Proxecto Ríos. Este espazo pretende ser o lugar de encontro, no que as/os voluntarios/os poidan compartir e divulgar experiencias e traballos realizados, mediante charlas, paneis explicativos, exposicións de fotos, vídeos, etc. Nel presentárase así mesmo o Informe anual do Estado de saúde dos ríos galegos elaborado cos datos aportados polos/as participantes.

Agradecemos a todas as persoas e entidades participantes o seu interese polo proxecto, e animamos a toda a cidadanía a participar na defensa do noso patrimonio fluvial.

+ información: [www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)

Participa e colabora no Proxecto Ríos  
Súmate a campaña de outono

Proxecto Ríos  
Praza Camilo Díaz Valiño 15 2ªA  
15706 Santiago de Compostela  
Tfno 650 261283 Fax: 981 570099  
[info@proxectorios.org](mailto:info@proxectorios.org)  
[www.proxectorios.org](http://www.proxectorios.org)





# AUGAS RESIDUAIS DEPURACIÓN QUE IMITA A NATUREZA

O pasado mes de xullo inaugurouse unha depuradora piloto de augas residuais domésticas e urbanas, baseada na tecnoloxía de humedais ou depuración mediante plantas. Este proxecto está promovido por ADEGA, conta cun financiamento da fundación "La Caixa" e sitúase na EDAR da Silvouta de Santiago de Compostela. Colaboran no mesmo o Concello, a empresa Aquagest e a Universidade da Coruña.

O proxecto de ADEGA conta cunha vertente tecnolóxica e outra educativa, e busca o desenvolvemento de tecnoloxías sustentabeis e de baixo custo para a depuración de augas residuais.

A planta experimental ocupa uns 150 m<sup>2</sup> e permitirá a depuración das augas residuais dunha poboación de cerca de 100 habitantes, neste caso procedentes dun núcleo rural de Santiago de Compostela. Presenta a modo de pretratamento un dixestor anaerobio, onde se degrada a materia orgánica en ausencia de aire. A zona húmida artificial consiste en dúas pequenas balsas recheas de xisto, a través do cal circula e se depura a auga, agora por procesos mixtos aerobio-anaerobio e coa axuda

de cuncos, vexetación típica de zonas húmidas.

O sistema convírtese nunha alternativa viábel aos tratamentos tradicionais (depuradoras compactas) para o rural e núcleos de poboación de até 2000 habitantes. Destacan polo seu baixo custo, tanto enerxético como constructivo, así como o seu fácil manexo, ao non requiren de persoal cualificado, e a non xeración de lodos.

## PROXECTO EDUCATIVO

Este proxecto ten así mesmo unha raiz educativa. Enmarcase no Programa de Educación Ambiental que está a desenvolver ADEGA nesta cidade, onde a auga e as problemáticas asociadas a ela


(contaminación, mala xestión, limitación, etc), teñen un papel salientábel (ver Proxecto Ríos, cerna nº 43).

O Proxecto educativo baséase na utilización desta planta experimental como un equipamento de educación ambiental ao que a cidadanía poderá achegarse, para coñecer as problemáticas asociadas as augas residuais, así como coñecer alternativas de tratamento, en concreto as baseadas na tecnoloxía de humedais.

Esta planta estará operativa durante dous anos, e realizaranse visitas e charlas informativas, nas que se explicará o seu funcionamento, como recurso complementario ás visitas da ETAP e EDAR da cidade.



## Depuración natural e sustentábel de augas residuais



Se tes interese en visitar as instalacións ou nunha charla explicativa, contacta con nós:

Educación Ambiental  
Depuración sustentábel  
[www.adegagaliza.org](http://www.adegagaliza.org)  
teléfono: 616 238 050  
Fax: 981 570 000



# O COUREL: DESPOBO

Texto: Orlando Álvarez, Fotografía: ©Xan G. Muras





Está recoñecido o Courel, a nivel científico e legal, como un dos territorios de maior biodiversidade de Galiza, debido a factores climáticos, xeolóxicos, orográficos, e tamén pola intensa actividade humana, dende tempos inmemoriais, compatíbel coa conservación do medio natural. Nestes últimos anos, aínda que protexido por disposicións legais Autonómicas, Estatais, Europeas e Tratados Internacionais; estase a levar a cabo unha "política agochada" de despoboamento interesado e desfeita ambiental, co único obxecto de favorecer o avance de empresas que non reparan máis que no rendemento económico, ignorando os dereitos das xeracións presentes e futuras.

A densa ocupación humana dende tempos remotos xerou un extenso patrimonio cultural de valor incalculábel: arqueolóxico, etnográfico, arquitectónico e de paisaxe tradicional propia e única, como único é o medio montañoso ao que as xentes tiveron que adaptarse e no que tiveron que subsistir. Este legado tamén está sendo devastado pola destrución do territorio e os seus descomunais impactos.

As administracións, en conivencia con algunhas explotacións irregulares de lousa, nunca promoveron outro tipo de desenvolvemento, axeitado ás grandes posibilidades deste territorio. Isto obrigou a maioría da xente a emigrar. O despoboamento, cun dos índices máis altos de Galiza, deixa un baleiro barato para o asentamento destas empresas (ver gráfico).

# AMAMENTO INTERESADO



## AS EXPLOTACIÓNS DE LOUSA

Non temos antipatía algunha por esta actividade extractiva, mais si debemos sinalar a non sustentabilidade do xeito de traballar nas explotacións que coñecemos. Tal e como se recoñece nos proxectos das propias empresas, só se aproveita entre o 3 o 5 %, do material extraído, o que leva consigo a formación de entulleiras máis voluminosas que o propio oco de extracción. E non é pola falta de calidade e utilidade dos materiais desbotados; xa quixeran os nosos maiores dispoñer das pedras e lousas desperdiciadas, cando tiñan que construír as súas propias casas e teitos. Noutras canteiras aproveitase ata o po, para elaborar lousa artificial. Grave é tamén o feito, de que non se aparte e aproveite a terra vexetal para a rexeneración final do espazo afectado.

As primeiras explotacións de lousa asentáronse nos anos 70 no contorno de Pacios da Serra. Hoxe hai cinco canteiras na mesma cunca hidrográfica do río Pacios, na ladeira este da Serra. Descoñecemos a súa situación administrativa, pero si sabemos que a Confederación Hidrográfica do Norte e a Xunta de Galicia pretenden rexenerar parte das súas entulleiras con fondos Europeos FEDER.

Ocuparémonos, polo miúdo, das concesións da ladeira oeste da Serra, que comezaron ao final da década dos 80. Todas elas no concello do Courel e na cunca do Lor, o territorio de maior biodiversidade do Courel, xunto coa cabeceira do Selmo.

## A CANTEIRA DE SANTA EUFEMIA

Podemos ollala no mapa do SIXPAC, nas coordenadas centrais aproximadas da explotación X 647.319 e Y 4.715.691. Conta con máis de 50 hectáreas de terreo afectado, sen restaurar. Actúa en pleno río Laruda e leva destruído máis dun quilómetro de leito; as augas discorren agochadas por debaixo dos entullos. A situación desta canteira no medio de seis núcleos poboados, todos eles a menos de 1000 metros e algúns a menos de 500, dá idea da permisividade e o abuso das administracións.

Pó, ruído de maquinaria, detonacións, contaminación do aire e das augas, forman parte do acoso físico e moral a que se somete diariamente a poboación, na súa maior parte por persoas maiores, que por outra banda xa se ven gravemente prexudicados pola ausencia de servizos básicos obrigatorios, como son a sanidade, o transporte público, acceso a información, etc.

O afundimento de máis de 100 metros da principal estrada do Courel, a comarcal LU-651, á que se lle tivo que cambiar o trazado, preto da nave de elaboración; a desestabilización das dúas ladeiras da cunca do Laruda, onde se asenta Santa Eufemia, o seu souto centenario, prados,

labrado, monte común e a propia nave de procesado; a destrución de parte de camiños públicos; o desperdicio de miles de toneladas de terra vexetal e a eliminación de máis dun quilómetro lineal de bosque de ribeira (habitat de interese prioritario segundo a directiva 92/43/CEE); son todas elas afeccións ao Interés Público, polo que as administracións non parecen interesarse.

Esta canteira carece de licenza municipal e do Consello da Xunta. Porén, xa se iniciaron por parte da administración os trámites para a expropiación forzosa dalgunha finca particular afectada pola explotación. Tamén con fondos FEDER e autonómicos, a Xunta e a Confederación Hidrográfica do Norte, pretenden restaurar parte das súas entulleiras e o tramo de río afectado.

Está enclavada no centro xeográfico da cunca do Lor, a trescentos metros deste río, xusto na zona de transición entre o territorio de influencia climática mediterránea e o de influencia climática atlántica. Esta confluencia climática é recoñecida como unha das causas da excepcional biodiversidade do Courel. Ao mesmo tempo, o emprazamento desta canteira anula totalmente a función de corredor biolóxico do canón do Lor, entre o norte e o sur e entre o Sil (Ribeira Sacra) e o Navia (Ancares).

## CANTEIRA ABANDONADA NA CUNCA DO RÍO ROMEOR

Na década dos 90, na ladeira esquerda desta cunca, leváronse a cabo numerosas prospeccións, extraccións, apertura de pistas e construción dunha

nave industrial de procesado. Despois de arrasar máis de 10 hectáreas, abandonaron a explotación sen rexenerar o terreo. Hai quen di que se marcharon porque non atoparon a lousa que buscaban. Algún tempo despois e como consecuencia da deforestación, unha riada de entullos invadiu a aldea de Romeor, os prados e hortos da ribeira, ocasionándolle graves prexuízos aos veciños.

A cantidade de impactos resultantes pódense ver perfectamente no SIXPAC, nos puntos de coordenadas: (X 655586, Y 4722412), (X 655893, Y 4722072), (X 655981, Y 4721967), (X 656251, Y 4721918), e (X 656482, Y 4721742). Estes impactos sen rexenerar atópanse tamén, nunha zona de alto valor ecolóxico, entre as devesas da Rogueira e Romeor; e alto valor arqueolóxico: o bimilenario túnel-acueduto da Antigua atópase hoxe enclavado no medio dunha entulleira.

#### ARBITRARIIDADE, IMPROVISACIÓN, FALTA DE CRITERIO AMBIENTAL

En vistas da futura financiación Europea da Rede Natura, única que quedará para as zonas desfavorecidas e de montaña despois de que Galiza deixe de ser Obxectivo nº 1, é de lamentar que a Xunta de Galiza accedera en 2004 a abrir un burato no espazo a protexer do Courel.

O burato aparece con toda claridade cando comparamos o mapa publicado no Diario Oficial de Galiza (DOG) do 9 de novembro de 1999 (primeira proposta de espazos para a Rede Natura) co mapa do DOG do 19 de maio de 2004 (última pro-

posta). Nese último mapa, pódese observar o enorme e fraudulento oco interior, na zona do Courel, que se reserva para favorecer ás canteiras de pizarra.

A Xunta accedeu así á petición das pizarreiras, sen xustificación técnica nin científica, só co motivo económico de favorecer a estas empresas que alegaron que a zona estaba moi degradada pola súa propia actividade; inculpação asombrosa, vida de empresarios que acostuman actuar sen licenza, como no caso da canteira de Santa Eufemia. Esta desafección prevaricadora da rede Natura deixa fora de protección as terras de Santa Eufemia, A Campa, Vidallón e parte das de Vilar.

Este escandaloso burato interior contradí frontalmente a coherencia a que obriga a Directiva 92/43/CEE, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres, nos seus artigos 3 e 10. Supón unha recalificación de terrenos "á carta", xa que os terrenos figuraban na proposta da Rede Natura dende o 1999. Variacións mais pequenas que esta xa foron condenadas polo Tribunais de Xustiza Europeos. Denunciamos pois que as administracións están arriscando a financiación Europea e expoñendo as arcas públicas a unha sanción económica grave.

#### O FUTURO DOS ANCARES E DO COUREL

O futuro dos dous maiores espazos naturais e de biodiversidade da Galiza pasa por:


- A declaración dun único Parque Natural, no que se inclúan integramente as cuncas do Navia, Lor e cabeceira do Selmo.

- A dotación das partidas orzamentarias suficientes, para levar a cabo un proxecto integral de desenvolvemento sustentábel, que inclúa tanto as actividades económicas (gandería, turismo, comercio...) como a rexeneración e conservación do patrimonio natural e cultural. Pódenos servir de referencia as dotacións económicas dos Parques do Principado de Asturias, que oscilan entre os 8 e os 12 millóns de euros, por espazo protexido e ano.

- Que á hora de investir fondos públicos, todas administracións tomen conciencia da importancia destes espazos, en canto a que forman parte do patrimonio natural, cultural e económico de todos e todas. E falando de "débeda histórica", que mellor que empezar por compensar a estes territorios.

A Asociación SOS Courel elaborou a primeiros do 2005 un Plan de Desenvolvemento Rural para o Concello. Nel detallamos un catálogo inicial de postos de traballo, totalmente realista. Estes, que dobran amplamente aos que proporciona a canteira de Santa Eufemia, pódense facer realidade dende o momento en que as administracións dispoñan os medios humanos e materiais necesarios. Nós sabemos, de certo, que a rendibilidade económica e patrimonial está asegurada. Xa non quedan escusas.

## NOVIDADES CRÓNICA



### *Follas do bacallau* Xabier Paz

Crónica literaria e memorialística do mundo da pesca do bacallau

**XERAIS**

xerais@xerais.es • <http://www.xerais.es>



Restaurante  
VEXETARIANO

**CABALIÑO DO DEMO**

rúa aller ulloa. 7  
(xunto á porta do camiño)

# ALIMENTACIÓN SUSTENTÁBEL

## ECOLOXÍA NO COTIÁN

Texto e fotografía: Ramsés Pérez

A globalización e o seu modelo de produción e consumo teñen hoxe en día repercusións en case todos os ámbitos da vida ao longo de todo o planeta. O modelo de vida occidental, reflectido no consumismo, a presa ... impoñe tamén na alimentación, e non só na rúa polos coñecidos e tan criticados fast food, senon tamén nas nosas casas, na nosa mesa, á hora do xantar: alimentos tóxicos e transxénicos, comida en envases de usar e tirar, froitas fora da súa tempada, etc, etc.

### PASAR A ACCIÓN: QUE FACER?

#### AO MERCAR:

- Fixármonos na procedencia dos alimentos.
- Mirarmos a calidade dos alimentos, non só o prezo.
- Tentarmos mercar produtos locais e de tempada.

-Apoiarmos a recuperación de especies autóctonas: debemos conservar o patrimonio xenético.

-Procurarmos unha alimentación variada e baseada en produtos frescos.

-Demandarmos produtos ecolóxicos e de comercio xusto nos nosos lugares de compra habitual, mesmo asociándonos para consiguilos.

-Demandarmos produtos ecolóxicos tamén nos restaurantes, bares e colexios.

#### NA CASA:

-Se dispomos de terra para unha pequena horta ecolóxica, podemos

experimentar con diversos cultivos, sachar, plantar, regar... coidar os nosos propios alimentos. Obteremos alimentos saudábeis e valoraremos o traballo das/os labregas/os.

#### DEMANDARMOS DAS INSTITUCIÓNS:

-Instrumentos de certificación baseados en criterios ambientais, éticos e sociais.

-Regulamentos que atendan a criterios claros e sinxelos para que os consumidores podan diferenciar os alimentos ecolóxicos dos que non o son.

#### APOIARMOS:

-As campañas de boicot a determinados produtos: transxénicos, transnacionais da agroindustria...

-Organizacións de produtores e consumidores locais e ecolóxicos; faite socio/a.

### ESTAMOS A DEVORAR O PLANETA

Dunha agricultura para o autoconsumo e o intercambio de excedentes pasamos en moi pouco tempo a un modelo agroindustrial cunhas fortes repercusións sociais, económicas e ecolóxicas. A globalización do novo modelo alimentar occidental implica producir alimentos en calquera parte do planeta para que estes estexan dispoñíbeis durante todo o ano nos países occidentais, principalmente. Poren, tomar laranxas no verán ou cereixas no inverno, ou que sexan máis baratos espárragos da China ou Perú que uns galegos ou navarros, non sae gratis. Entre as súas consecuencias, salientamos:

-Ambientais: cultivos en zonas onde escasea a auga o que agrava a sobreexplotación deste recurso fundamental para a vida, inxentes cantidades de enerxía para producir alimentos e transportalos... pesticidas, herbicidas que contaminan os ríos e a terra, aumento na erosión...

-Sociais: "deslocalización de cultivos" a países con normas e controis relaxados que dan lugar a produtos tóxicos e problemas de saúde para os labregos e os consumidores, dependencia da agroindustria, abandono rural...

-Económicas: o custo enerxético dos combustíbeis foseis, as cantidades de

auga, a perda de solo, de biodiversidade, da paisaxe, etc, non soen entrar nas contas da economía convencional, mais son a expresión da ineficiencia e da non sustentabilidade.

O resultado é unha xeografía alimentar caracterizada pola produción de alimentos nos países pobres para os



Menú 100 x 100 galego

ricos, perda da soberanía alimentar, fame e morte en países que están a abandonar os seus cultivos tradicionais (moitas veces o único alimento accesíbel) polos dubidosos beneficios da exportación para pagar a débeda externa, e exceso de alimentos na parte norte do planeta, enferma de obesidade e abundancia.

Galiza sofre as consecuencias dunha PAC que só beneficia a agroindustria e que está a levarnos cara un despoboamento do rural cunhas consecuencias que aínda non somos quen de valorar. Co abandono ou expulsión dos labregos do seu espazo vital estase a perder unha enorme biodiversidade en cultivos tradicionais (froito dunha selección de séculos) e en fauna e flora asociadas. A substitución por monocultivos e o cambio de cultivos agrícolas por forestais contribue aínda máis á perda da paisaxe rural e do noso patrimonio cultural e gastronómico. A perda de calidade na dieta, coas súas consecuencias na saúde, ten o seu reflexo na perda que para o medio ambiente ten a transformación dos sistemas agrarios.

Se facemos logo as contas da cantidade de auga e enerxía que precisa a agricultura convencional, os insumos químicos, a pulución do seu transporte, a desigualdade que xera, o deserto rural, a etiqueta que deberían levar estes "alimentos" é a de improdutivo, insustentábel, inxusto, antisocial, antiecolóxico, e antirurais.

### POR UNHA ALIMENTACIÓN SUSTENTÁBEL

Como di Riechemann, a dieta dos países do norte ademais de pouco saudábel non é xeralizábel ao resto do planeta. E ese é o "sinxelo" camiño que debería serguir calquera modelo de consumo alimentar para ser sustentábel.

Sabemos que á hora de formular isto xurden resistencias: "¡Pero é que non podemos nen comer!", "senon o como eu vaino facer outro/a", "os produtos ecolóxicos son moi caros", ou a tan recorrida "volta ás cavernas e ao sacho". Comentarios froito da comodidade uns, do descoñecemento outros, os máis da falta de imaxinación á hora de alimentarse ou, porque non dicilo, da cultura do capricho na que vivimos, "quero iso e queroo xá, custe o que custe".

Porén, existe un variado e sustentábel modelo alimentar que ofrecer, que implica tanto a produtores como a consumidores. A agricultura en base a terra é o cerne dese novo modelo, tendo en conta que os labregos son reprodutores dun sistema agro-gandeiro que están a sustentar e que está a desaparecer. Se queremos unha alimentación sá e natural, esta debe pasar pola dignificación do traballo do labrego, por uns ingresos dignos, e por un modelo que manteña vivo o rural producindo alimentos de calidade.

Este cambio require un novo modelo de consumo:

## U-LO BICHO DA MAZÁ

Para falar da cuestión da alimentación poderíamos recorrer a un conto titulado "o enigmático caso da miñoca da maza": "Hai non moito tempo, a meirante partes das mazás consumidas en Galiza eran producidas neste mesmo país. Moitas casas tiñan maceiras de distintas variedades, podendo atopar mazás vermellas, verdes, amarelas, mazás cunha pel lisa e outras cunha tona máis áspera, mazás con pel de pataca, e mazás con forma de pera e... así ate chegar a unha variedade inimaxinábel. Algunhas destas mazás tiñan miñocas...

O conto, convertido nun pesadello ou nunha película futurista, podería continuar así: "Hoxe en día case todos os fogares mercan as mazás en grandes superficies nas que se soe atopar unha ou dúas variedades. Sempre coa mesma forma, a mesma cor... mazás que non cheiran e mazás que non saben, e o que é máis sospeitoso, mazás sen miñocas. Só nalgúns casas resisten as mazás de toda a vida, sen química... e con elas as miñocas da mazá".

O que vai polo medio e o que segue podería ser outro conto, un conto de terror... polo menos para as miñocas.





-Local, o consumo local permite coñecer a quen produce e que produce, evitando longos percorridos, contaminación, intermediarios, infraestruturas, embalaxes... favorecendo a economía local.

-Ecolóxico, xa que reduce a cantidade de enerxía fósil, ao estar baseada na enerxía solar e en ciclos curtos e sen envases supérfluos.

-Saudábel, alimentos cultivados sen produtos tóxicos, beneficiosos para a saúde do labrego, do consumidor e do medio.

-De tempada, mediante unha alimentación con produtos que acompañen os ciclos da natureza, sen ter que traelos doutras partes do mundo e empregar inxentes cantidades de enerxía e conservantes.

-Ético, pagando un prezo xusto aos labregos que lles permita unha vida digna.

#### A LUME LENTO, "SLOW FOOD"

Compre pasar a acción. No cadro adxunto relacionamos algunhas actuacións que cada un de nós pode levar a práctica, por si só ou en asociación con outras persoas. Rematamos cunha mención a "Slow Food" -comida lenta-, un movemento internacional xurdido ao redor dunha proposta que pretende conservar as peculiaridades da alimentación local. Reivindica o xantar como un lugar de encontro no que desfrutar da compañía de amigos/as, da conversa e, por suposto, da comida e bebida. Defende un mundo de sabores universais así como a recuperación de receitas e os produtos tradicionais e locais, e dos lugares onde se preparan comidas sen presas, sen estrés, tascas, xeladarias, panadarías, etc. A "Slow Food" creou un premio ás persoas que tentan defender ou recuperar algunha especie ou produto con resultados beneficiosos para a biodiversidade. En Galiza hai varias asociacións nesta liña.

#### Máis información:

Webs: Soberanía alimentar, [www.via-campesina.org](http://www.via-campesina.org); Devorar o planeta, [www.noetmengiselmon.org](http://www.noetmengiselmon.org); Transxénicos [www.greenpeace.org](http://www.greenpeace.org) "Guía roja y verde de alimentos transxénicos".

Libros: Xan Poliquen. Horta ecolóxica na Galiza. Guía práctica para o cultivo. Baía Edicións. A Coruña 2005.

Película: Super Sizeme



## CARBALLO

### PORTA DA COSTA DA MORTE



[www.carballo.org](http://www.carballo.org)

## A MAREA VERDE

# AGRICULTORES E ACUICULTORES EN CONCORRÊNCIA

Adela Figueroa

### MAREA VERDE NAS COSTAS BRETONAS


Estamos asistindo na actualidade á aparición dun grave problema de contaminación xeral das augas. Chámanlle "marea verde", e refírese á excesiva proliferación de algas nas zonas costeiras, que afogan o crecemento e normal desenvolvemento dos seres vivos costeiros, nomeadamente das crías e larvas de moluscos, peixes, ou crustáceos en xeral.

Esta proliferación do manto verde costeiro dáse en certas rexións do planeta como poden ser os fondos interiores das rias en xeral, mas na costa bretona en Franza constitúe un grave problema porque provoca perdas na biocenose dos ecosistemas costeiros e grandes custos económicos. É provocada, maioritariamente, pola leituga de mar, algas verdes do xénero *Ulva* (*U. armoricana*, *U. rotundata*).

Estas algas dependen, para o seu crecemento, de nutrientes como o fósforo e o nitróxeno. Este último constitúe o factor limitante e ten procedencia terrixena, resultando dos lavados de solos "empachados" do azoto dos fertilizantes agrícolas. A pouco que se dean as mínimas condicións favorábeis para o seu crecemento (insolación, augas pouco movidas, achegas de nutrientes), esta especie oportunista dispárase nun crecemento exponencial.

A orixe do problema non está precisamente no mar, mas na mudanza dos hábitos agrícolas. Acontece que as terras de cultivo son aproveitadas ata o máximo, non as deixando descansar fican exaustas de nutrientes. Para compensar esta carencia utilízanse adubos inorgánicos con altos contidos en nitróxeno e fósforo. Para facilitar os labores agrícolas, altamente mecanizados, concéntranse as parcelas, eliminando as sebes arbóreas que as separaban. Os ventos varren a superficie do solo eliminando as camadas superiores de menor consistencia e facilmente transportábeis no ar, empobrecendoas en profundidade.

As augas de chuva fan o resto. Non encontran trabóns no seu camiño nen filtro natural que segregue o exceso de



nitratos que alastran. Estes, finalmente, acaban por chegar ao mar, provocando unha excesiva proliferación de algas verdes, que constitúe un manto que consume unha parte importante do oxixeno das rias, e que acaba por afogar toda a fauna miúda que procura a súa oportunidade vital nas beiras da costa. Os ecosistemas de ribeira fican empobrecidos á custa da sobreexplotación agrícola das terras.

A situación pode atinxir a categoría de auténtico problema de eutrofización das augas, tanto das costas como dos ríos e lagoas. As augas para o consumo doméstico tórnanse perigosas para a saúde polo exceso de nitratos que conteñen. Esta situación está tipificada en certas zonas como Bretaña (ver figura), pero poderíamos tomala como referencia dada a evolución que están a sufrir os usos do territorio e da agricultura en Galiza.

### DAS TRADICIONAIS SEBES AO MONOCULTIVO

Como xa foi indicado acima, as alteracións na estrutura do territorio e nas prácticas agrícolas poden ter consecuencias graves que afectan á fertilidade e saúde doutros ecosistemas, e mesmo á saúde humana. O que se gaña por un lado pódese perder por outro, e de maneira irreversible.

En Galiza é frecuente aínda ver unha distribución das terras de labor que

amosa un entramado reticular formado por sebes arborizadas que as separan, e que no conxunto da paisaxe representan os testemuños do bosque orixinario. As sebes de árbores conservan, para o medio ambiente, o papel que xogaba a fraga: refúxio de fauna, biodiversidade arbórea, efectos microclimáticos positivos, amortiguador térmico, etc.

As sebes tamén xogan un transcendental papel no balance hídrico, actuando como filtro verde depurador e controlando a erosión por arrastre dos solos. En xeral, obsérvase como o rendimento agrícola é superior en terrenos separados por sebes arborizadas que en grandes extensións onde a insolación pode ser excesiva, incrementando as perdas por evaporación e o déficit de auga.

A concentración parcelaria pódese mostrar como unha vantaxe nun territorio caracterizado polo minifúndio e moi fragmentado. Desde unha óptica superficial e de aproveitamento a curto prazo, a reunificación de parcelas favorece a introdución de maquinaria agrícola e o cultivo a maior escala e, polo tanto, maiores producións de monocultivo, mais fáciles de introducir nas cadeas de comercialización actuais que non teñen pátria e distribúen para todo o mundo.

Os monocultivos, que van inevitablemente asociados á concentración de parcelas de produción, merman a



diversidade vexetal. Como os páxaros insectívoros que se acochaban nas sebes diminúen, aumentan as pragas de insectos e a utilización de praguicidas. As sementes ou xérmolos plántanse xa con herbicidas, para evitar o sachado ou cavado (patacas, vides etc). Como alternativa ao aporte orgánico procedente das camas do gando, empréganse grandes cantidades de adubo mineral, que acaba nos cursos de auga.

### AS BARRAXENS NOS RÍOS

Este é un tema que merece tratamento especial e aillado, pola súa transcendencia en Galiza. Entre outros impactos, os encoros poden influír decisivamente na deterioración dos ecosistemas costeiros e na diminución da súa capacidade de rexeneración. As presas diminúen a capacidade de oxixenación das augas, aumentando o risco de eutrofización.


Nas augas continentais, e a través da eutrofización, as "mareas verdes" poden ser un grave risco da perda de calidade das augas. Esta perda e a modificación da tipoloxía dos áridos que os ríos achegan ao litoral, polos cambios introducidos no seu compor-

tamento hidrodinámico e por outros factores, tamén afectan á calidade do litoral.


### CONCLUSIÓN

Os ecosistemas están relacionados nunha interdependencia, que fai que calquera intervención teña repercusións noutros ecosistemas, que en aparición poden non estar moi relacionados. As prácticas agrícolas que procuran unha alta rendibilidade teñen que ter en conta os prexuízos que poden ocasionar noutros ecosistemas, acarreado graves perdas económicas e de biodiversidade, que poden ser de difícil corrección.


A perdurabilidade do medio está indefectiblemente asociada ao modelo de desenvolvemento sustentábel, e á discreción das innovacións e posibles cambios nos modelos produtivos. Podemos aprender dos erros dos outros para non os cometer nós, e trabar a louca carreira que nos está a levar a abandonar vellas prácticas de aproveitamento do noso medio (agrícola, montes, ribeiras, etc) polo fascínio dunha falsa modernidade, que nos conduce a unha maior dependencia e á perda das nosas riquezas naturais.



Evolución do volume de algas do xénero Ulva recollidas en Bretaña, e do custo xerado




Evolución da contaminación das augas superficiais por nitratos en Bretaña



Evolución das concentracións máximas de nitratos no río Blavet, en Hennebont.

Polo que pasou, polo que pasa,  
polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, máis que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.

www.cadenaser.es

CADENA  
**SER**

A CREDIBILIDADE do Nº1

## CONSERVACIÓN

# AS GÂNDARAS DE BUDINHO: ESPAÇO PROTEGIDO?

Texto e fotografía: Xián Nieto

A degradação das Gândaras de Budinho acelera-se a partir dos anos sesenta, coincidindo co retrocesso agrícola e a crescente ocupação industrial do vale do rio Louro. O proceso continua hoje, a pesar da inclusion en 1999 deste espaço na proposta galega para formar parte da Rede Natura 2000 e ser Zona de Especial Protecção dos Valores Naturais desde 2003.

As Ribeiras do Louro son unha ampla chaira assolagável que forma o río Louro no seu tramo inferior, entre a vila do Porrinho e a sua desembocadura no Minho. Dos quase 2.000 hectares que se chegavam a alagar nos invernos chuvosos hoje están propostos para formar parte da Rede Natura algo menos de 600 que somados aos situados mais ao sul perto da desembocadura no Minho, fan un total de tam só 727 hectares distribuídas polos concellos do Porrinho, Salceda de Caselas e Tui.


### PRINCIPAIS VALORES DAS RIBEIRAS

Actualmente nas Ribeiras acham-se vários ecossistemas de alto valor ecológico separados por campos de cultivo, plantações florestais, explorações mineiras e naves industriais. Existen cinco habitats de Interesse Europeo dos quais (as urzeiras húmidas atlânticas e o bosque aluvial) están catalogados como de Interesse Prioritário. Em concreto, pode-se destacar a presenza de dúas lagoas naturais (a pequena do Fial e a grande de Orbenhe, hoje em acelerado proceso de colmatación); un dos mais extensos amieirais da Galiza (que tem os seus melhores exemplos ao norte de lagoa de Orbenhe e nas Travessas, em Guilharei), várias lagoas de origem artificial conhecidas na zona como barreiras e dúas branhas muito reducidas na sua extensión e também em acelerado proceso de colmatación: a do Arroio e a do Cerquido.

A variedade de ecossistemas existentes permite o desenvolvemento dumha flora muito rica com comunidades de plantas aquáticas flutuantes e enraizadas, pradarias de juncos, comunidades de turfeira, urzeiras higrófilas e mesófilas, vegetação ribeirega e vegetação climática representada pola carvalheira da asociación Rusco aculeati-

Quercetum roboris. Aliás também se encontram dúas plantas catalogadas em perigo de extinção a nível estatal e sete mais propostas como ameaçadas a nível autonómico.

A fauna está composta por aproximadamente 150 espécies de vertebrados entre as que destaca a presença do sapo-concho, da salamântiga e dum



Mapa; Em amarelo: habitats máis valiosos. Em azul: superficie excluída da Rede Natura desde 1999. Em vermelho: superficie que procuram excluir da Rede os vizinhos de Orbenhe.



Vista da lagoa de Orbenhe



Amieiral das Travessas



Aterro a carom da lagoa de Orbenhe (ano 2004). Neste ano esta-se a ampliar aproveitando a construçom dumha nave industrial

variado número de aves aquáticas. No entanto nos últimos anos, por mor da reduçom e degradaçom dos habitats, deixárom de criar algumas delas (mergulhom-pequeno, garça-pequena, galinhola-preta, cegonha-branca) e reduzírom as suas populaçom outras (chameco, lavanco-real e galinha-dorrio). Aliás pudo desaparecer o sapo-de-unha-negra.

Os cruzeiros vencelhados ao Caminho Português –que discorre polo espaço natural– e as pontes, pontelhas e pol-

dras –que permitiam atravessar as zonas alagadas– som os elementos arquitectónicos mais destacados. Cumpre também assinalar que na chaira foi achado o principal jazigo do paleolítico galego. Na altura encontra-se abandonado fora dos limites do espaço protegido.

Os cultivos están quase restringidos ao aproveitamento florestal do choupo na chaira e do pinheiro e eucalipto nas abas. Os aproveitamentos agrícolas e gadeiros som cada vez mais escassos.

## EVOLUÇOM

Desde finais do século XIX coa construçom da linha ferroviária Vigo-Ourense até agora sucedêrom-se umha cheia de actuaçom que fôrom fraccionando e degradando a chaira. Porém, é a partir dos anos sessenta quando, coincidindo co retrocesso agrícola, enceta a ocupaçom industrial do vale coa criaçom do polígono industrial das Gândaras de Budinho (ainda em expansom) e a exploraçom de áridos.

A década dos noventa começa com reiteradas denúncias e protestas vizinhais pola contaminaçom do Louro que som respostadas pola Junta coa dragagem do leito e a deflorestaçom das margens, alterando todo o vale de inundaçom. E continua coa construçom da auto-via Porrinho-Tui, a criaçom do polígono industrial da Granja e das áreas industriais do Cerquido, Ribadelouro e Pontelhas, a ocupaçom de novos terrenos para a ampliaçom dumha pista de aeromodelismo e o passo dumha linha de alta tensom e da rede de gás.

Nestes anos de forte desenvolvimto industrial tam só se podem citar



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE



# galicia, naturalmente



CALIDADE AMBIENTAL • CONSERVACIÓN DA NATUREZA • DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE • AUGAS DE GALICIA

como actuações positivas a declaração no ano 1983 dalgumas zonas das Ribeiras como Refúgio de Caça (hoje de Fauna), a aprovação em 1990 dumhas Normas Subsidiárias no concelho do Porrinho que protegiam urbanisticamente todas as Ribeiras e que fôrom paralisadas e posteriormente derrogadas por mor da mudança de governo da Junta e pequenas iniciativas favorecedoras do uso público como a colocação de painéis informativos nas proximidades da lagoa de Orbenlhe ou o desenho de dous roteiros para caminhantes polo interior das Ribeiras.

### **INCLUSOM NA REDE NATURA: PIOR QUE NUNCA**

Em Março de 1999, a Conselharia de Meio Ambiente incluiu baixo o nome de "As Gândaras de Budinho" 959 hectares das Ribeiras na proposta provisional dos espaços naturais galegos que vam formar parte da Rede Natura 2000 e seis meses máis tarde estabelecia a obriga

### **O porvir apresenta-se confuso. Os planos de urbanismo de Porrinho e Tui destinam zonas do espaço protegido a uso industrial**

de "garantir a conservação dos valores que levárom à proposta enquanto a UE nom se pronúncia na acceptação da sua inclusom".

Em junho desse ano publicou-se no BOE a declaração de impacto ambiental positiva da alternativa três da auto-estrada Enlace do Rebulhom-Fronteira Portuguesa. Nas paróquias de Pontelhas e Ribadelouro o traçado definitivo atravessava parte da superfície proposta para formar parte da Rede.

O 5 de Abril de 2001 concluiu a primeira fase da construção do Centro de Interpretação da Natureza nas proximidades da lagoa de Orbenlhe. Producírom-se queixas pola localização escolhida e pola sobredimensom e falha de integração do edificio no meio. Investírom-se 470.000 sendo precisos máis 600.000 para acometer a segunda fase: enche-lo de conteúdos e abri-lo ao público.

O 7 de Junho desse mesmo ano a Conselharia de Meio Ambiente ordenou declarar em Regime de Protecção Geral os espaços incluídos na proposta definitiva da Rede Natura 2000. A superfície

proposta nas Ribeiras reduziu-se a 839 hectares, deixando fora as que na altura estaban a ser afectadas polo traçado da auto-estrada.

No mês de Agosto submeteu-se a exposição pública o projecto de novo PGOM do Concelho do Porrinho. Nele estabeleciam-se até sete actuações, principalmente industriais mas também desportivas e de serviços, dentro do espaço em Regime de Protecção Geral. O Grupo Erva alegou em contra destes projectos.

Em Outubro, o PSOE do Porrinho exigi a paralisación dum aterro sobre o espaço natural, a menos de cem metros da lagoa de Orbenlhe. No seu início membros de Erva encadearam-se às máquinas. Este aterro, coas naves erguidas, seguiu a medrar paseninho.

No ano 2002 começaram as obras de saneamento da bacia do rio Louro que supugerom a construção dumha linha de colectores polo cerne das Ribeiras desde o extremo norte até a Veiga do Louro onde se construiu umha depuradora.

O 10 de Abril dese ano aprovou-se o PGOM do Porrinho e dous meses depois abandonava a presidência da câmara José Manuel Barros após 23 anos. O novo governo nom supujo mudança nenhuma para as Ribeiras.

Ao longo do ano 2003 continuou a expansom industrial a ambas as beiras do rio Louro em terrenos declarados em Regime de Protecção Geral. Em Outubro fijo-se pública a existência dum projecto da Confederação Hidrográfica do Norte para a recuperação do sistema húmido. Com um orçamento de 6.839.000, as principais actuações consideradas eram: a restauração da lagoa de Orbenlhe e a sua contorna, a conservação e a restauração da branha do Arroio e a criação de infra-estruturas para o uso público entre as que se destacava a posta em funcionamento do Centro de Interpretação da Natureza.

Também a Conselharia de Meio Ambiente incluiu as Ribeiras dentro do seu Plano de Recuperação de Humidais da Galiza. No entanto a única medida tomada por parte da Conselharia consistiu na substituição da catalogação de Espaço em Regime de Protecção Geral pola de Zona de Especial Protecção dos Valores Naturais coa redução da superfície protegida em 112 hectares, principalmente na paróquia de Ribadelouro e


na branha do Arroio. Um mês depois da publicação das modificações no DOG, a pista que ocupava a parte leste do Arroio e que no projecto de recuperação da Confederação Hidrográfica estava previsto eliminar, era ampliada por cima da branha. Todos os terrenos que ficam ao sueste desta pista som desafectados e começam as obras de aplanación. Máis o PGOM do Porrinho tem-nos qualificados como Solo Rústico de Protecção de Espaços Naturais polo que os feitos som denunciados ante o Seprona. Na altura as obras permanecem paradas aguardando por umha modificação pontual do PGOM.

### **FUTURO INMEDIATO**

O porvir apresenta-se confuso. Namentres a Confederação Hidrográfica expom a informação pública o seu projecto de restauração, conservação e uso público do espaço; o avance do PGOM de Tui qualifica como de uso industrial duas zonas situadas onda o núcleo de Ribadelouro. A que se projecta ao norte estabeleceria-se na chaira de inundaçom do rio Pessegueira, estragando o valioso bosque de ribeira, e a que fica ao sul, no vale do rio Simom -corredor natural entre o Monte Aloia e as Ribeiras-, é atravessada polo Caminho Português. Actualmente o PGOM de Tui está pendente dumha modificação substancial porque se detectárom muitos erros, máis as recentes declarações do presidente da câmara municipal ao

### **Nas ribeiras do Louro existen cinco hábitats de interesse europeo**

Faro de Vigo ("reduzimos a delimitação da Rede Natura em Ribadelouro pois limita o crescimento da zona industrial") nom agoiram nada bom. Outros projectos inquietantes som a construção dumha estrada entre Ribadelouro e Orbenlhe, o futuro passo da linha de alta velocidade e a petição dos vizinhos de Orbenlhe co apoio do pleno da câmara municipal de que se excluam da Rede parte das suas terras já que "fôrom excluídos milheiros de metros quadrados a petição dalguns empresários e da junta de montes de Budinho e nós também pedimos que se excluam os que estão á beira das nossas casas e máis os nossos lares. Deixam construir fábricas a carom das lagoas e, em troco, nós nom podemos construir".



Levamos vida ás túas terras



AGROAMB | PONTE DE OUTEIRO S/N | CASTRO DE REI - 27256 LUGO

TELÉFONO 982 231 365 | FAX 982 240 534 | email: [agroamb@agroamb.com](mailto:agroamb@agroamb.com) | [www.agroamb.com](http://www.agroamb.com)

# MEXILLÓN DE GALICIA



## para quere-lo

  
MEXILLÓN DE GALICIA



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PESCA  
E ASUNTOS MARÍTIMOS

IFOP



# A SITUACIÓN NA GALIZA E O LABOR DO CRAEGA

Gabino Vázquez Fernández\*

Cando estamos a falar de Agricultura Ecolóxica, normalmente referímonos a un sistema de produción de alimentos baseado no respecto ao medio ambiente, dun lado, garantindo o mantemento da fertilidade dos solos e da biodiversidade, e doutro na non introdución de substancias potencialmente tóxicas para a saúde humana na cadea alimentaria.

Porén, nunha acepción máis globalizadora, a Agroecoloxía contempla a relación existente entre esta actividade, as súas raíces e o seu efecto xerador de cultura, as súas consecuencias ecolóxicas, sociais e sobre o individuo, así como o seu resultado económico ou, en definitiva, a súa viabilidade. Polo tanto, mais que unha simple técnica produtiva, a Agroecoloxía é un sistema de coñecemento que se fundamenta en tres pia-

**A Agroecoloxía contempla a relación existente entre esta actividade, as súas raíces e o seu efecto xerador de cultura, as súas consecuencias ecolóxicas...**

res: Produtivo (actividade agrícola), Ambiental (non degradante do medio) e Humano (que procura unha renda digna para o produtor e alimentos de calidade para o consumidor, preservando a cultura e o patrimonio rural).

A Comunidade Europea, dende as súas orixes propónse como obxectivo organizar os recursos propios do modo máis racional, tratando de garantir a rendibilidade dos procesos produtivos e o abastecemento á poboación de bens de consumo. Con este fin en 1969 desenrólase o artigo 39 do tratado de Roma dando orixe ao que se chamou Política Agraria Comunitaria (PAC), creando as bases para un desenvolvemento agrícola que, porén, ía ser alleo á orixe, ao sentido último e ás implicacións naturais, sociais e individuais desta actividade.

A aplicación desta política trouxo como consecuencia o aumento da dependencia do campo con respecto a

outros sectores, incrementando os custos de produción e chegando a unha situación de agricultura fortemente subvencionada, que se traduce nun alto custo social e nun desequilibrio presupostario importante. Isto trae, como consecuencia, a diminución da competitividade e unha importante xeración de excedentes producindo, ao mesmo tempo, un gran impacto ambiental, baixa da calidade dos alimentos e incremento da inseguridade alimentaria.

Paralelamente, deteriorase a renda dos pequenos agricultores, aumentando as diferenzas económicas entre as diferentes rexións europeas e repercutindo nunha forte perda de patrimonio cultural nas mesmas. Todo isto ocorre dentro dunha óptica produtivista, na que as pequenas explotacións están condenadas ao abandono ou ocupación das terras con cultivos forestais.

No contexto mundial, a situación é máis grave, xerándose paradoxas como o incremento dos custos de produción ao tempo que se estancan os prezos de venda; a xeración de excedentes agrícolas xunto co incremento da fame no mundo; o aumento da capacidade produtiva na explotación agraria xunto coa erosión das terras laborábeis; a aparición de novas formulacións xenéticas artificiais xunto cunha dramática perda de biodiversidade, etc.; todo isto está dirixido polos "lobbies" económicos que inciden nas políticas agrarias e nas liñas de investigación e docencia que se imparten nas universidades, pasando os produtores e consumidores a ser mero instrumento (cando non vítima) das mesmas.

Precisamente porque a Agricultura Ecolóxica é un sistema vivo, do que a xénese está ao mesmo tempo nos produtores e nos consumidores sensibilizados coa problemática social e ambiental, que seguen sendo a súa forza impulsora e os que a dotan de contido, o nivel cultural dunha sociedade e o interese dos seus poderes públicos facilitan o seu desenvolvemento. Tanto neste eido como, atreveríame asegurar, en calquera outro, é a socieda-

de a que establece as súas necesidades, ás que os estamentos políticos deben dar cumprida resposta lexislativa a través da reordenación dos recursos sociais e económicos ou, dito doutra maneira, estou convencido da ineficacia do direccionismo político á hora de impoñer modelos

**Se non se artellan as medidas de ordenación e fomento que constantemente se reclaman, correríase o perigo de deixar a Galiza nunha posición desfavorábel dentro dun mercado puxante**

ou pautas de comportamento que o conxunto social non asuma.

A realidade desta situación, así como a presión exercida por unha sociedade cada vez máis sensibilizada polos problemas mencionados, está a inducir un cambio na orientación das políticas agrarias en xeral, e máis concretamente na europea. Así, xa no Memorándum do 18 de decembro de 1.985 a Comisión, a partir dun amplo debate baseado no seu "Libro Verde", reflexa as seguintes orientacións fundamentais:

- Reducir progresivamente a produción nos sectores excedentarios grazas a unha política de prezos baseada nas necesidades do mercado.

- Ter en conta de maneira máis eficaz e sistemática os problemas de ingresos das pequenas explotacións familiares.

- Apoiar a actividade agraria nas zonas nas que sexa indispensable para a ordenación territorial, o mantemento dos equilibrios sociais e a protección do medio ambiente.

- Sensibilizar cada vez máis aos agricultores ante os problemas do medio ambiente.

Como un froito destes cambios, publícase o Regulamento CEE nº 2092/91 do Consello, de 24 de xuño de 1.991, e, a nivel nacional, o Real Decreto 1852/1993, de 22 de outubro, sobre

Produción Agrícola Ecolóxica e a súa indicación nos produtos agrarios e alimenticios. Son as orixes dun corpo lexislativo e normativo cada vez máis amplo e da creación de órganos específicos de control e apoio ao desenvolvemento desta Agricultura.

Estas novas políticas de apoio ao desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica, xunto cun incremento continuo da demanda destes produtos, trouxeron como consecuencia, nos derradeiros vinte anos, un aumento notábel da superficie mundial adicada á mesma, acadando preto dos 25 millóns de hectáreas no pasado ano. Isto permite falar da consolidación do modelo de produción contra os tópicos que dende sempre, e non sen intención, pretenderon divulgar unha idea de agricultura de minorías, moda pasaxeira ou modelo incapaz de dar resposta ás necesidades alimentarias mundiais. Moí ao contrario, cada vez consolídase máis como un sistema capaz de recuperar as terras laborábeis estragadas polo que hoxe poderíamos chamar "malas prácticas agrarias" sendo a A.E., en calquera caso, o modelo que marca as pautas a seguir polo que hoxe se está a chamar "boas prácticas agrarias".

Como consecuencia da aplicación do RD 1852/1993, crease no ano 1997 en Galiza o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica, como órgano de Certificación e Control desta Denominación; aínda que, dada a ausencia total naquel intre de medidas de apoio e estímulo

destas producións e do seu consumo, dende o primeiro momento tivo que asumir un importante papel divulgativo e de promoción, dentro da limitación de medios dispoñíbeis.

O concurso dos produtores e empresas que apostaron por este xeito de produción, xunto coa existencia dunha crecente demanda exterior e dun incipiente mercado interno, permitiron o crecemento exponencial do número de explotacións e superficies inscritas, acadando 390 inscritos, cunha superficie próxima ás 7.000 ha inscritas e unha facturación de máis de 5 millóns de euros no pasado ano 2004.

Dende a profunda convición do necesario protagonismo que produtores e consumidores deben manter no desenvolvemento da Agricultura Ecolóxica, se dende as instancias políticas e a propia administración non se artellan as medidas de ordenación e fomento que constantemente se lle reclaman, todo o esforzo feito sería pouco e correríase o perigo de deixar a Galiza nunha posición desfavorábel dentro dun mercado hoxe por hoxe aínda puxante; isto deberá terse en conta, xa que dificilmente se poderá fomentar un determinado tipo de produción senón se acompaña duns razoábeis resultados económicos, independentemente das axudas que se podan implementar dado o interese social e ambiental xa comentado.

O desenvolvemento da A.E. implica unha serie de efectos positivos que van

dende a defensa das pequenas explotacións familiares, a formación do agricultor, o estímulo do asociacionismo, a xestión directa dos recursos naturais e o fomento dunha mellor calidade na alimentación, ata unha nova orientación da produción industrial dirixida á agricultura, a prevención do lume nos espazos forestais, a preservación da biodiversidade e da calidade paisaxística, etc. Todo isto, xunto coa necesaria implicación da cidade no campo a través dos sistemas de ensino e do contacto máis directo entre produtores e consumidores, a disposición de espazos naturais para o ocio así como o fomento do turismo rural, constitúen algúns dos fundamentos dunha correcta formulación do desenvolvemento rural.

\*Gabino Vázquez Fernández é Presidente do Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galiza



Ramóns Pérez



Ramóns Pérez



# AGRICULTURA ECOLOXICA NA GALIZAPOR UNHA: ESTRATEXIA DE FUTURO

Texto e fotografía: Xan Pouliquen




A produción tradicional galega está a diminuír a unha velocidade terrible. O despoboamento rural, o abandono da actividade agraria, o avelentamento da poboación no rural, son algúns dos factores que explican a desaparición dunha produción que aínda era ecolóxica, sen referirmonos só á de autoconsumo. Despois de dez anos de promoción oficial, a produción ecolóxica certificada segue a ser só unha parte da produción ecolóxica do noso país, e caracterízase pola súa inestabilidade e escaso peso, ao tempo que non mudou a realidade ambiental do sector agrogandeiro na Galiza. Repasemos máis polo miúdo esta situación.


## A PRODUCCIÓN ECOLÓXICA GALEGA NO CONTEXTO ESPAÑOL

A certificación da produción ecolóxica leva xa caseque dez anos establecida na Galiza, dado que o Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación sitúa oficialmente os seus comezos en agosto de 1996. A evolución do número de produtores na Galiza e no Estado español aparece na *[Error!Argumento de modificador desconocido.. Semella que o crecemento da produción galega certificada nos últimos tempos sexa maior que no resto do Estado español. Pero unha análise máis fonda amosa resultados moi similares, como expresa en termos relativos a *[Error!No se encuentra el origen de la referencia., se consideramos que existe un desfase de 3 anos en contra de Galiza. O sistema de certificación galego foi dos últimos do Estado en establecerse.**


Isto condúcenos entón a formular unha hipótese: o crecemento actual da produción certificada galega non reflicte senón o crecemento inicial da produción ecolóxica que acontece en todos os sitios




Gráfica 1: Evolución do número de produtores



Gráfica 2: Valoración interanual do número de produtores certificados



Gráfica 3: Evolución comparada do número de produtores con un desfase de 3 anos



Gráfica 4: Variación da superficie certificada e da superficie media por explotación

nos que se aplicaron modelos similares. A ¡Error!No se encuentra el origen de la referencia. confirma esta hipótese, e demostra que a evolución da produción certificada galega rexistra a mesma dinámica ca do Estado, pero con 3-4 anos de retraso. De feito, dende o ano 1998, Galiza situouse con regularidade no posto 10 ou 11 no rango das autonomías en canto a número de produtores. En canto ás superficies, acontece algo semellante, como o podemos ver na ¡Error!No se encuentra el origen de la referencia..

## AS ETAPAS DE DESENVOLVEMENTO NA GALIZA

A produción certificada galega pasou polas seguintes etapas:

- Creación (mediados 1996-mediados do 1998): Período prolongado e de desenvolvemento lento coma consecuencia dun conflito de fondo entre o Presidente provisional e a totalidade dos vocais, que acabou polo cese dos vocais. De aí que as primeiras certificacións galegas non aparezan oficialmente até o ano 1998.

- Inicio e inscricións masivas (mediados 1998- 2000): Período de desenvolvemento activo das inscricións, en especial no sector da castaña, con inscricións procedentes da zona de residencia do presidente, e da mazá de sidra, na zona de Chantada, en relación con un empresario local.

A finais do 2000, estimamos que estas dúas producións representaban máis do 70% dos/as produtores/as certificados/as. E un período en que o organismo certificador, o Consello Regulador da Agricultura Ecolóxica de Galicia (CRAEGA), difunde multitude de proxectos, organiza asociacións, e preséntase a si mesmo como pioneiro en multitude de

ámbitos. As inscricións no sector da castaña víronse impulsadas por importantes subvencións á limpeza de soutos.

- Efecto subvencións (2001 - 2003): Por fin o Goberno galego decide aplicar as subvencións europeas á produción ecolóxica, consistentes nun aporte económico durante 5 anos. O sistema estableceuse no Estado entre os anos 1994 e 1995, namentres o PP galégo agardou até o 2001 para facelo.

Polas súas características, estas axudas teñen en todos sitios un efecto duplo: a) aumentar o número de produtor@s, e b) aumentar o número de gandeir@s, o que se traduce por un aumento da superficie total e por explotación. Se ollamos de novo as ¡Error!No se encuentra el origen de la referencia. e ¡Error!No se encuentra el origen de la referencia., veremos claramente o efecto das subvencións nos anos sinalados. Na Galiza aumentan entón as producións gandeiras, sobre todo a produción de carne, un sector en plena crise nese intre, polo mal das vacas tolas. As inscricións de industrias aumentan, até situarse na media do Estado. Este incremento ven dado, nunha parte importante, pola obriga establecida pola administración galega de ter rexistro para a venda certificada, polo que atopamos operadores inscritos dúas veces: unha como produtores e outra coma transformadores.

- Cansancio (2004-hoxe): Iníciase o cansancio, o ritmo de inscrición diminúe, e comezan a darse as primeiras baixas. A produción de castaña e da mazá agrupa a un 50-60% dos produtores. Co papel fundamental das subvencións, a produción de vacún supera o 20% das inscricións. O 60% dos produtores rexistrados son da provincia de Lugo, e as outras tres provincias repártense o resto por igual. O

30% dos produtores inscritos proceden de dous concellos: Baralla e Chantada.

## CRÍTICA AO MODELO PROMOVIDO POLO CRAEGA E A XUNTA

A análise anterior débese matizar dado que existen fundadas sospeitas de que as cifras oficiais dadas polo CRAEGA non incorporan todas as baixas reais acontecidas nos últimos dous anos. Tamén se debe sinalar que esas cifras non reflicten as inscricións múltiples polas que unha mesma unidade de produción está representada por varios operadores (persoas físicas/empresas; familiares).

Na primeira etapa, o importante era que se vira traballo do CRAEGA, o que se traduciu na práctica por un chamamento ás inscricións masivas. Nesa época, a información recibida polos produtores sobre a realidade da produción ecolóxica, as implicacións técnicas e económicas foi moi distorsionada, algo especialmente visíbel no caso da produción de leite.

Este tipo de publicidade masiva ten polo xeral un efecto limitado no tempo. A Xunta de Galiza encargouse de facelo durar, na segunda etapa, mediante anuncios de futuras subvencións (durante un par de anos) e a posta en marcha posterior de ditas subvencións. Deste xeito, a superficie cultivada incrementouse, pola introdución dos pastos, sen esquecer as grandes superficies dos montes comunais. A produción ecolóxica aumentou en base a pagar subvencións moi substanciais ás explotacións con maior base territorial.

Pero as explotacións inscritas dende os comezos empezan a ter dúbidas. As subvencións non serven para todas as explotacións (nomeadamente, a produción de horta queda excluída na práctica); non existe ningunha facilidade nos

mercados; os prezos non sempre compensan o custo da certificación; as marabillosas expectativas xeradas non se cumpren; descóbrense pouco a pouco que tamén hai que respectar certas normas de produción, e que estas evolucionan, e un longo etcétera. De aí que xurda un notábel desencanto. O descenso encóbrese por novas inscricións, resultado dun desenvolvemento que se apoia nun sistema de relacións persoais máis ca nunha política global de promoción da produción ecolóxica. Isto queda en evidencia polo desigual desenvolvemento da produción entre Lugo e o resto das provincias, e, dentro de Lugo, polo peso do concello de Baralla e limitrofes.

O CRAEGA mudou recentemente o seu discurso, e en vez de medir o seu crecemento polo número de inscritos publícatos mediante a evolución da facturación. Obviamente, esta ten que aumentar nos últimos anos, coa introdución do leite certificado, produto de alto valor engadido, aínda que involucre só unhas 15 explotacións. Esas explotacións e a empresa correspondente fornecerían xa máis da metade do orzamento anual do CRAEGA.

Na última etapa, na que entramos, aparece algo subxacente durante os anos anteriores: apóstase por que o motor do desenvolvemento da produción ecolóxica sexa a industria. Enténdese entón porque os orzamentos do CRAEGA dedicados á promoción foran maioritariamente orientados cara as industrias e a exportación, e desprezen o mercado interior. Enténdese tamén porque na actualidade a produción ecolóxica do país é tan pouco diversa, e porque os produtores notan falla de apoio cando non abandono e até oposición ao seu labor.

En definitiva, existe unha evidente falta de planificación no longo prazo, substituída por unha actuación golpe a golpe e calcada dos modelos convencionais. É destacábel que se tomen decisións que xa se demostraron ineficaces noutros lugares.

En conclusión, a produción ecolóxica que se promove non muda a realidade agraria galega, dado que se centra en producións xa de por si moi extensivas ou ecolóxicas, en producións auxiliares e non naquelas nas que se sustentan as explotacións, de forma que apenas significa a transformación de explotacións intensivas. Non asistimos a unha reconversión do sector agrario cara unha

mellor protección dos nosos medios produtivos e da nosa natureza, senón a unha mera certificación das explotacións xa moi ecolóxicas con anterioridade. Certifícanse producións que xa teñen unha realidade moi ecolóxica, o que non permite o desenvolvemento dos mercados, a non ser a grandes distancias. Algúns exemplos son moi significativos: o kiwi ecolóxico compite directamente co kiwi galego, a carne ecolóxica coa ternera galega suprema, a castaña ecolóxica coa convencional, etc.

### ESTANCAMENTO E CAÍDA DO SECTOR NALGUNHAS ÁREAS DO ESTADO

Pero o que realmente preocupa é o futuro que esta falla de política estratéxica conleva. En efecto, no Estado español, dende o ano 2003 e de xeito máis acusado no 2004, varias comunidades viron como se reducía a súa produción ecolóxica, tanto en número de inscritos como en superficie. A variación do número de produtores inscritos entre os anos 2003 e 2004 saldouse con reducións do 5% en Nafarroa, 9% en Cantabria, 21% en Castilla-la Mancha e 24% en Extremadura. A superficie inscrita tamén se reduciu no 4%, 18% e 30% nas tres últimas comunidades, respectivamente.

Existen varios factores para explicar isto:

-Comunidades con un peso cada vez maior de grandes cadeas comerciais ou industriais que tamén traballan en convencional

-Comunidades que basearon o desenvolvemento do ecolóxico sobre subvencións ás explotacións sen máis

-Comunidades sen plantexamento estratéxico mínimo

Hai que notar pola outra banda que as comunidades máis pioneiras, que polo tanto iniciaron o sistema de subvencións quinquenais con anterioridade, están practicamente todas desacelerando o crecemento das inscricións de produtores, chegando a uns niveis do 6-8% anual. Pola contra, as que crecen con taxas altas son, globalmente, as de máis recente incorporación, ou as que dispoñen dunha política que favoreza claramente a produción ecolóxica.

### PREARIO FUTURO PARA O SECTOR NA GALIZA

A situación no caso galego caracterízase polos seguintes feitos, entre outros:

-Desigualdade no emprego dos medios cara a favorecer o desenvolvemento industrial

-O crecemento do censo de operadores débese en maior parte á posta en marcha das subvencións e do efecto de inscricións múltiples

-Non existe ningunha política estratéxica no longo prazo

Comunidade	Produtores	Superficie
Nafarroa	- 5%	
Cantabria	- 9%	- 4%
Castilla-la Mancha	- 21%	- 18%
Extremadura	- 24%	- 30%

Neste contexto, de non producirse unha nova orientación, é máis que probable que asistamos a un descenso da produción certificada, que terá efectos visíbeis a partires do ano 2007. En realidade, este descenso xa empezou, pero mediante distintas artimañas e empregando a fondo a súa falla total de transparencia (consúltense a este respecto os informes 2003 e 2004 do Valedor do Pobo), o CRAEGA consegue seguir ocultando o número de baixas reais. Por estimación, ciframos ao redor dun 10% a porcentaxe de produtores inscritos que xa non producen en ecolóxico. Estamos, pois, diante dunha produción ecolóxica que non se consolida. Posibelmente este fenómeno quede parcialmente oculto por mor de novas inscricións nas mesmas condicións cas anteriores, é dicir, sen estabilidade.

Dise que no país dos cegos o torto é rei, e isto acontece na Galiza en referencia á produción ecolóxica, que semella ser a máis grande, máis seria, máis pioneira, máis rápida, máis innovadora, etc... Con esta mensaxe, ocúltase unha situación non tan boiante, e enmascárase a grande fragilidade do desenvolvemento acadado, e iso sen contar coas serias deficiencias democráticas e funcionais do propio órgano de control. O grande esforzo dos produtores e produtoras, e as moitas ilusións que parte deles mostran de cara a esta produción corren o risco de quebrantarse nun prazo de tempo non moi longo.

Dende o ecoloxismo galego, debemos pararnos a analizar con máis detalles as causas desta situación. Poderemos así realizar propostas concretas que permitan mudar a situación e asegurar un desenvolvemento consolidado e estábel da produción ecolóxica galega. A iso dedicaremos proximamente outras liñas na revista.

# "MARA, abella da terra"

Anxo Moure

*¡Raiña quero ser gaivota!, que dis filla. ¡Raiña quero ser gaivota! Pero ti que dis Mara, ¡Raiña quero ser gaivota!... así un día e outro, a pequena Mara pedía á raiña ser gaivota.*

Mara nacera no Incio, pertencía a unha única tribu de abellas galegas que vivían dentro dunha escola segundo a estrana e afortunada idea dun grupo de mestres daquel lugar; era pois unha abella estudada que mesmo sabía da vida dos desertos, das selvas, do mar ou dos animais que a habitaban. Un día de escola descubrira unha raza de aves mariñeiras, dende aquela Mara só quería ser gaivota, só soñaba con ser gaivota.

Nun mes de Novembro cando o tempo revoltouse e as treboadas aniñaron na terra brava, Mara, a abella do Incio decidiu partir cara o mar. Cabalgando nos ventos bravos surcou as terras do Cabe, o Sil e o Miño. Este, mentres morre no mar, conduciuna ata unha illa que chamaban das gaivotas. Mara chegara a Ons. Buscou por todos os lugares as aves mariñeiras que tanto soñara ser pero naqueles días de Novembro acontecera algo realmente terríbel, Mara só topou negrura mecéndose no mar, devorando as vidas das aves que aló moraban.

A abella do Incio achou gaivota, mais ficaba escura, espesa, inmóvil entre a negrura, cun ollar triste mesmo mortal. A abella colleu medo e fuxiu terra dentro da illa achando agora un simple poliño de gaivota chamado Mana. Mara preguntoulle se aquilo era o mar azul do que soubera na escola da súa terra, se elas eran as gaivotas, pensando tal vez que chegara a un mundo descoñecido para ela.

"Si Mara, si", contestou a cría de gaivota, "esto é o mar, nós somos as gaivotas, pero existe un ser que destrúe unha e outra vez todo aquilo que amamos. É o home". "Reventou un barco vello enchendo dunha morte escura todo o noso mundo".

Mara ficou desacougada, como era posíbel que o home que ela coñecía con forma de nenos da escola construíra toda aquela morté. Mara non sabía que facer, Mara xa non quería ser gaivota, Mara quería voltar á terra brava, pero ao mesmo tempo sentía unha profunda dor por aquelas aves que unha e outra vez vía morrer espíndose no mar.

A abella do Incio lembrouse dos seus bosques de terra brava, das súas árbores, da tenrura tecida coas treboadas, dos regatos e das fragas, convencendo axiña a Mana e un grupo de gaivotas para fuxir do mar refuxiándose no seu bosque, ela guiarías. Así foi, mentres o barco vello seguía verquendo morte, as gaivotas izaron velas e partiron cara terra brava. Custoulles che-

gar porque moitas delas ficaban aínda inzadas de chapote, máis con esforzo foron pousándose nas veiguiñas e lameiros do Incio.

Axiña Mara falou cos humanos da escola do Incio, e axiña aqueles nenos e mestre escomenzaron a lavar as gaivotas coas augas ferruxinosas que nacían na Ferrería, pensaron que o mel sería bó e con el tentaron recuperar a alma e o corpo das aves, moribundas algunhas delas.

Foi o tempo no que unhas abellas, os nenos, o mel, e as augas curaron e construíron un refuxio para as aves do mar, foi o tempo que teceu unha amizade entre homes diminutos, abellas e paxaros mariños, e foi tamén o tempo no que miles de homes en todo o país galego decatáronse daquela barbarie que estragara o mar e berrando un ¡Nunca máis! Puxéronse a loitar contra aquela fera endiañada e mortal.

Pasou o tempo, as gaivotas agradecendo o trato da terra brava partiron para voltar á súa illa. Aquel era seu mundo e por el debían loitar, Mara despediunas achando un sorprendente saúdo mariñeiro na mesma terra dos bosques.

Seguíu pasando o tempo e chegou o verán, os humanos voltaron cara o mar, os nenos colleron as vacacións e as abellas do Incio disfrutaban das flores coas que farían a colleita do mel. Mara gostaba de pousarse nun estrano penedo agochado entre grandes carballos e fendido pola auga dentro do que nacían margaridas coas que ela faría o mel.

Pero o que é a vida, naquel verán as terras do Incio, como tantas outras na Galiza, sufriron o derrame de centos de barcos atrancados, afundidos, verquendo unha marea negra coa forma de lumes forestais que en pouco tempo destruían bosques que tardaran centos de anos en formarse, transformándoos en simples desertos inzados de cinza de estrana negrura. Cada ano era a fin dun daqueles mundos con forma de soutos e fragas. E así foi que as colmeas onde Mara pasaba o verán foron tamén ameazadas por un feroz incendio que con certeza devoraría todo o traballo convertendo en morte aquela dozura que habitaba o lugar.

Os meniños foron quen de divisar primeiro os lumes, un deles pediu axuda berrando, tentaba convencer á xente para que mirase para toda aquela vida que morría. Poucos respostaron, non houbo un ¡Nunca



Máis! (non saía nos xornais) nen apareceron miles de voluntarios con traxes brancos para apagar aqueles lumes. O Incio, a terra brava, os seus bosques desaparecían no máis triste dos silencios. " Aquí non hai praia", pensou o neno.

E foi o momento en que as lapas tomaron o lugar das colmeas cunha ferocidade estrana condeando ás cinzas aquel seu fogar. Dentro, Mara máis non podía chorar, agora si sabía que existían humanos crueis para permitir aquela morte. A abella fuxiu da colmea.

Cando o lume pingaba como se dunha chuvia tráxica se tratase peiteando morte enriba da colmea, nese tempo no que só queda derramarse nun soño de vergoña e morte, cando elas sabían do final de todo o que crearan, cando xa nada podían facer, ollaron o ceo polo Val de Lemos: entre o fume tornaba unha inmensa nube branca formada por centos, por miles de gaivotas, guiadas por aquel políño que agora era Mana a gran gaivota das Ons.

A bandada traía atadas nos peteiros inmensas cordas, feitas con algas pardas da illa. Con elas ataron as colmeas para pousalas no patio da escola. As abellas ficaran salvadas, pero Mara non estaba. Berraron dun e doutro xeito ata que Mana, preocupada, voou mesmo por enriba do lume para facer un picado mortal cara o lugar da peneda fendida onde lle dixeran seguro estaría Mara. Topouna aló mentres se achegaban as lapas.

Mana pediulle que subira no seu peteiro pero a abella ficaba tan triste por todo o que perdera que mesmo non lle quedaban forzas. Coas súas azas a gaivota conquisou erguela e acubillala nas súas plumas, e colleu voo, pero chegando enriba da copa da primeira das árbores foi sorprendida por unha lingua de lume e coma unha fera ferida polo cazador caeron abella e gaivota enriba da peneda sendo devoradas polas lapas daquel incendio ata chegar a ser só cinzas que se incrustaron na fenda da rocha.

As gaivotas voltaron sen Mana a Illa de Ons, contáronlle esta historia aos ventos que aniñan naquela terra, que domados pola ira daquela inxusta morte partiron endiañados cara as terras do Incio. Ao longo dunha semana as xentes daquel lugar ficaron estranadas por tanto vento entolecido; cando calmaron os ventos, descubriron aquel penedo esculpido con dúas formas: se miraban para o oeste, cara ao mar, tiña forma de gaivota; se miraban para o leste, tiña forma de abella.

Hoxe, aquela peneda que a xente busca cando visita O Incio simboliza a amizade entre o mar e a terra, a xenerosidade de abella e gaivota, e son moitos os que plantan ao carón dela árbores para que un día sexan soutos e fragas, e tal vez ese día no oco da fenda xurdan coa forza das cinzas de abella e gaivota margaridas para que outras abellas constrúan un mel co que se namoren as persoas.

Co tempo tal vez os homes aprendan e tal vez sexa ese o tempo en que o odio dos humanos á terra desapareza como eu vin desaparecer a néboa dunha mañán nas terras do Incio cando fun contar un conto aos nenos da escola.

Con agradecemento ás/aos nenas/os e mestres da escola do Incio, de parte dun anano e unha pínega, habitantes dos contos do "carballo con botas" que se namoraron co "mel da escola" agasallo dos nenos de terra brava. Nesta escola, unha colmea habita acristalada dentro da aula, as abellas están dentro da escola e todos os anos elaboran o "mel da escola", increíblemente delicioso.



# LORENZO VARELA: AS DORES NUNCA CURADAS DO EXILIO (II)

Emilio Xosé Insua

Repasamos na anterior entrega de CERNA as principais peripecias e reviravoltas da biografía intelectual e humana de Lorenzo Varela (1916-1978). Hoxe imos navegar pola súa obra á procura dos ecos que nela deixaron as paisaxes e debullar, tamén, algunhas referencias á natureza que salferen os textos poéticos deste autor.

Lorenzo Varela foi, fundamentalmente, un poeta, un grandísimo poeta. Neste sentido, escribeu Carlos Casares, en 1978, unha advertencia moi pertinente á hora de valorizar o escrito polo de Fufín: "[a súa obra] é máis ben escasa, pero o seu pouco volume

non nos debe despistar respecto da súa importancia. Digamos que a poesía deste poeta pouco lido e apenas conocido é do máis serio e sólido que se ten escrito na nosa lingua despóis da guerra".

En 1946, prologando un libro do arxentino Alberto Girri, Lorenzo aseveraba: "Todo poeta tiene, aunque a veces muy lejano, casi invisible hasta para él mismo, una reserva en el alma. Algunha vez le hemos llamado 'el




baúl'. Y de allí sale, con más o menos suerte, con más o menos orden y lucimiento, todo cuanto anda o yace en el fondo del poeta. Cada vez se me presenta como más fatalmente cierto, el que sin ese baúl, sin ese gracioso venero, no hay poeta. Habrá oficio, cultura, excelente asimilación, sensibilidad incluso, pero sin baúl no hay tesoro, ni viaje". Ese 'baúl' encheuse no seu caso de vivencias acumuladas en xeografías como a Galiza da infancia, o Buenos Aires da puberdade, o Lugo xuvenil, o Madrid efervescente da Frente Popular, a España traxicamente bañada en sangue, a América riopratense dun exilio inacabábel...

Os que tiveron ocasión de compartir con el aventuras intelectuais mencionan invariabilmente o seu rigor, a súa erudición, a súa intelixencia, a súa sólida formación estética e filosófica, a súa entrega xenerosa e a súa altísima esixencia crítica, que comezaba precisamente a respecto da súa propia produción... Obrigado polás circunstancias ao uso do castelán, Varela non tivo xamais dúbidas, porén, sobre o idioma da autenticidade nun escritor galego: "Aunque un escritor nacido gallego no escribiera nunca una sola palabra en gallego no podría afirmar que las cosas más entrañables que él quisiera decir no debiera expresarlas en gallego; si lo negara sería, simplemente, un desmadrado".

Varela fixo unha obra de grande calidade formal, esmerada arquitectura e tremenda fondura humana, que transitou, basicamente, por tres canles ou camiños estéticos.





En primeiro termo, mesmo cronoloxicamente falando, polo do neopopularismo, tendencia tan querida a algúns autores da chamada "Generación del 27" hispana (Lorca, Alberti...) que se deleitava na imitación propositada e quintaesenciada da poesía popular, caracterizada pola sinxeleza expresiva, o abundante emprego do paralelismo e a beleza esencial das imaxes. Testemuñan na obra de Lorenzo esta liña, por exemplo, os poemas de "Espada de amor y Canciones del novio y del soldado", do volume Torres de amor (Editorial Nova, Colección Pomba, Buenos Aires, 1942).

Outro dos vieiros estéticos percorridos por Varela na súa singradura poética foi o do simbolismo, ben patente na serie de "Sonetos de la paloma, del cuervo y del ruiseñor", tamén inserido en Torres de amor. Abrazou esta tendencia pola defensa que esta facía do sincretismo creativo, mais tamén pola admiración confesa que sentiu por autores cultivadores desa escola, como Charles Baudelaire e Luís Cernuda.

Da fusión que logrou operar Varela na súa obra destes dous códigos poéticos anteditos dá boa proba o poema "Ella no sabía", incluído en Torres de amor, no que destacan as metáforas sobre os ollos dos amantes e a enumeración de elementos que simbolizan a plenitude vital adquirida na experiencia erótico-amorosa: "Era la primera noche de amor. / Ella no sabía, ni sabía yo, / sino desnudar alma y corazón. / Eran sus ojos dos lagos dormidos, / y los míos torpes gaviotas de río, / todo tembloroso su vuelo aterido. / Aprendimos juntos el pan y la flor, / la carne y la fruta, el agua y la voz, / el cuerpo del aire, la espiga del sol, / y la dolorosa palabra de amor.

Unha terceira vertente estética cultivada polo poeta Varela é a do social-

realismo, ou poesía social, froito do seu compromiso ideolóxico marxista, da influencia que exerceron sobre el autores como André Malraux, Pablo Neruda e Luís Seoane e, loxicamente, da súa propia condición de combatente republicano, de antifascista e de exiliado.

A poesía cívica do autor monterrosino ten unha grande tensión creativa e un afinado acerto estético, o que fai que se afaste absolutamente do prosaísmo e da vulgar dicción que tantos textos desa escola amosaron historicamente. Os tons reivindicativo, denunciador, apoloxético e xusticeiro entremézclanse nela. Vallan como acabados exemplos desta tendencia dous poemas incluídos no poemario Lonxe (Ed. Botella al Mar, Buenos Aires, 1954) e dedicados a senllas figuras da resistencia guerrilleira galega antifranquista.

No que dedica a quen foi xefe da IV Agrupación de Guerrilleiros de Galiza, Manuel Ponte, Varela fai que diversos elementos da natureza encarnen os sentimentos que o infausto suceso suscitou na súa propia alma: o berro de dor pola morte do combatente e o xuramento para continuar a súa loita: Berraron os osos brancos do luar, / os eixos da terra vironos berrar. / Pola túa morte, polo pulo teu, / choraron as serras, / choraron os toxos e chorou o pan. / Mais houbo, Manuel, nos albres, na iauga, / na luz das mañás, / na fouce do raio tras de lostregar, / coma un xuramento de homes a xurar: / ¡Pola túa morte a loitar, a loitar! [...]. Así mesmo, no poema "Manuela Sánchez", dedicado a unha colaboradora do "maquis", o noso poeta bautiza simbolicamente a esta heroína identificándoa con varios elementos naturais:

[...] E fose coma fose, ti chamaraste ponla, a máis verde do verde carballo que se vira. Aguí mortal na guerra, na paz señora pomba, maí e guía de nós, da nosa vida enteira. Ti chamaraste ponla, ti chamaraste a vara mais outa do pombal.


Non chegan a ti as balas dende que pomba és, verde no zumo verde da figueira e da vide, verde ponla, prós labregos de Lugo e prós granxeiros dos verdes cómaros do mundo. Pomba branca e máis branca prós broncos mariñeiros de Vigo sempre branco ou prós dourados mariñeiros de Siam.

Pomba, ponla, maí, señora, Guía, vara, maí de nós.

Non faltan na obra do noso autor exemplos de poesía social e de denuncia escrita en clave sarcástica, o que a entronca, dalgunha maneira, coa nosa tradición escarnina medieval. Tal acontece co poema "Emigrantes", inserido no volume Galicia Hoy (1966), da Editorial Ruedo Ibérico, que Varela compuxo para denunciar as penosas condicións laborais e habitacionais que os galegos tiñan que aturar nos países centroeuropeos aos que emigraban nos anos sesenta: "Centos, miles de galegos / foron a buscar o pan, / fora, lonxe de Galicia, / que perto xa nono hai; / que toda a fariña nosa / non se sabe pra quen vai. / Centos, miles de galegos / empuxados a emigrar / oxo viven coas galiñas / porque outra casa non hai / en París, Ginebra, Hamburgo, / en ningunha capital. / Nun galiñeiro d'Europa / Galicia, tés o teu Lar. / ¡ Poñamos un galiñeiro / na bandeira de Breogán! [...]"

A poesía de Lorenzo Varela presenta algúns temas recorrentes. En primeiro termo, as vivencias persoais, o que el propio chamará "¡Torres de amor del recuerdo, / castillos de la esperanza!", tanto se trate das vivencias luminosas, vencelladas basicamente á infancia e á adolescencia, como se trate das tráxicas, relacionadas no fundamental coa experiencia da guerra civil e o exilio.

Exemplo do primeiro aspecto é o poema "Yo era niño", inserido en Torres de amor. Varela retrata nel, de maneira moi plástica e fermosa, evocándose a si propio como unha árbore en pleno crecemento, ese período da súa vida, repleto de soños, de ansias por saber, de ilusións perante o porvir:



Yo era niño, Perpetua, y después era mozo.  
 Como a un joven manzano me crecían las ramas  
 entre las golondrinas que trinaban mi gozo  
 y el viento que traía caricias de retamas.  
 Bandadas de palomas en mi copa paraba  
 y era mi sangre vivo mineral corriente.  
 A mi tronco, temblando, las parras se trepaban.  
 Entre mis pies decía su arrullo la simiente.  
 Y quería ser aire, volar en el espacio,  
 y cubrir con mis alas los milagros del suelo,  
 las hojas amarillas, el gusano violáceo,  
 los poros de la tierra más yerma, sin consuelo.  
 ¡Volar, volar un día y ser aire de vuelo!  
 Poner mi corazón sobre todas las cosas  
 tristes y vagabundas, quietas, abandonadas:  
 Los jardines sin ángel, las despreciadas rosas,  
 las perdidas ovejas, temblorosas, mojadas.  
 ¡Terrible orgullo de árbol con ramas generosas!

Na mesma liña cabe citar o poema en que o noso autor evoca a súa amizade xuvenil en Lugo con Ánxel Fole e Ramón Piñeiro: "Eramos tres irmáns, / mariñeiros os tres, cada un no seu mar. / Tiñamos a mesma pel de péxegos novos, / cada un dos tres no seu albre lixeiro, / a navegar pol-as augas do tempo. / Mais fixemos un barco de carballo e piñeiro / e cada un deixou a súa estrela nas gavias, / pra non ter mais que un mar, un barco, un ceo [...]".

Representativo da poesía que explora sentimentos tráxicos provocados polo conflito bélico é, pola súa vez, o fremosísimo "Compañeiros da miña xeneración mortos ou asesiñados", escrito no exilio e incluído no libro Lonxe. Nel Varela expresa a comunión espiritual que o unía aos seus compañeiros botando man de diversos elementos naturais, para finalizar agardando poder depositar nas súas tumbas "unha cesta de pombas e mazás", símbolos de liberdade e dozura, respectivamente:

¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,  
 de todos nós co mundo!  
 Facíamos un feixe de campos e de estrelas,  
 e ó pisar ise chao que latexaba  
 sentíamos rubir pola sangue o misterio.  
 O noso corpo era o camiño da maxia,  
 a escada pola que viña a lúa,  
 o zume de todol-os segredos,  
 a canción da herba que resucitou.  
 E o mesmo verme era unha folla leda,  
 un mensaxeiro do sagrado alén.

Morréchedes, matáronvos, deixáronme.  
 Quedei aquí, lonxe das vosas sombras.  
 E gardo, coma un morto,  
 no centro do silencio, da sede, da agonía,  
 o día que vos poda levar á sepultura  
 unha cesta de pombas e mazás.  
 ¡Tan doce era a xuntanza miña e vos,  
 de todos nós co mundo!



Outro dos temas da poesía de Lorenzo Varela é o retrato de certas figuras emblemáticas ou míticas, tanto da Galiza medieval como da contemporánea (Castelao, por exemplo). Varela canta así ao líder irmandiño Roi Xordo, reivindicando a Galiza labrega que fixo verdecer as ribeiras e que fertilizou secularmente a terra cos seus ósos; á coruñesa María Pita, heroína na resistencia da cidade contra o ataque do corsario británico Francis Drake, en 1589, ofrecéndolle "unha frol por cada bala; / i unha cunca de leite / arrebuxada en neve / pra che curar a sede"; á soldadeira medieval María Balteira, cuxa saia leda parecía unha niñada de "pombas redor dun pombal", provocando o desexo a "aqueles labregos de morte guerreira, / carballos antergos, varós desta terra"; ao bispo Adalfo (s. IX), acusado de sodomía e sometido á proba de colocarse diante dun touro bravo para ver se era ou non inocente: [...]De corno a corno levaba / o touro verde de lría, / unha aureola dourada / como un sol morto na ría. / ¡ Aquel touriño non era / touro como os desta vida !

Finalmente, abordan algúns poemas do noso autor a temática do exilio e da saudade da Terra. En "Así", poema pertencente a Torres de amor, o autor evoca o monte da súa terra monterrosina deste xeito: "[...] ¡Altísimo Cairón, cumbre de nieblas puras / y Castro de mi estirpe lunar y poderosa! / ¡Oh monte de mi infancia, viejo barco de rocas, / anclado entre los sueños remotos de los robles / hace muchos inviernos y veranos y bodas, / cuando aun era joven y se sentía pájaro! [...]". En "Destierro", do mesmo libro, os sentimentos do exiliado afloran con tristura incontida, expresando unha intensa ansia por descansar definitiva-

mente, cando chegar a hora da morte, na terra á que pertence en corpo e alma:

¡ Sólo mi voz desterrada, ¡ay!, y mis ojos  
 ¿Y cómo van a desterrarme entero,  
 si es mi cuerpo figura de tu polvo,  
 si mis huesos son barro de tus eras  
 y la sal de tu mar está en mi piel?  
 ¡ Sólo mi voz desterrada, ¡ay!, y mis ojos!

La palabra que digo es tu palabra  
 y entre sus letras vive tu figura.  
 Que soy tu polvo vivo perseguido  
 mensaje de tu muerte por el mundo.  
 De soledad y llanto, de silencio,  
 y de una luz de gloria derrotada  
 me cubre tu recuerdo, me traspasa  
 la claridad ardiente de tu alma.  
 ¡ Sólo mi voz desterrada, ¡ay!, y mis ojos!

¡ Oh tierra mía ! ¡ Que dolorosamente,  
 cuánta prueba de llanto y de tristura,  
 qué lenta angustia requieres a tu polvo  
 para que pueda un día devolverse a ti,  
 y entregarte la muerte que le diste  
 mereciendo en tu surco bienvenida!

Y otra vez polvo muerto, nada oscura,  
 quede en tu aire leve el testimonio,  
 quede en tu eternidad lo que declaro:  
 'la palabra que digo es tu palabra'  
 y sea yo tu tierra como tú lo eres mía.

Especialmente dura para o noso poeta exiliado é a ausencia de contacto coa nai, Perpetua, envolta nun manto de silencio e a quen dedica un poema extraordinario, ao que pertencen estes fragmentos que deixan abesullar a infancia rural do autor, rodeado pola natureza fremosa das terras ulloás:

Nada sé de tus horas, y, sin ellas,  
 sin el sufrido aroma de tu tiempo  
 y sin esa voz mística que añoro,  
 roza mi alma un ala dolorosa,  
 un tenebroso viento sin morada al final:



sin la noble mantilla de tus hombros.  
 Y vivo en ansiedad hora tras hora,  
 Perpetua, madre mía. [...]  
 [...] venga a mi memoria tu sonrisa lejana  
 cuando afuera nevaba sobre el jardín y adentro,  
 en el lecho oloroso de manzanas,  
 yo dormía y soñaba y mi sonrisa  
 nacía para ti fielmente cada día.  
 Y llegue la arboleda rumorosa y alegre de

/castaños en flor

y el reír de los ángeles que en torno a ti volaban  
 porque tú los llamabas a mis juegos perdidos [...]  
 Te llamo por tu nombre, ¡oh flor del tiempo niño  
 que deshojó su vida para aromar mi sueño!,  
 porque quiero decirte las nuevas de esta rama  
 tuya que por el mundo sin tú saberlo crece. [...]

Idénticas vivencias dolorosas, relacionadas coa ausencia e o transterro, exprime Varela en Lonxe, algúns anos despois de escrito o poema á súa nai. No que dá título, precisamente, ao volume citado, lemos: "Dourados peixes, froles amarelas, / lonxe de vós, ¿ónde deixar os ósos, / ónde deixar a morte que vos debo? / ¿Que queredes de min, que me chamades / e despois vos marchades sen levarme? / ¿Onde me agardaredes, compañeiros? / ¡ Xa veu o tempo de que as froles falen, / xa veu o tempo de que os peixes digan ![...]".

A perda de referentes identitarios, o transterro físico e espiritual, a soidade fonda que se sente lonxe de familiares e amigos, o estrañamento paisaxístico, a alienación laboral, etc. son algunhas das manifestacións do drama migratorio que Varela plasma de maneira intensa e maxistral no poema "Emigrante":

¿ Quen son eu, quién me trouxo,  
 quién me ten de levar ?  
 Lonxe quedou o muíño,  
 tamén lonxe o piñeiral.  
 ¿ Quén é o veciño meu,  
 o polaco que chora ardentes bágoas,  
 ise loiro rapaz que non vai ó traballo  
 porque di que o mencer ten veneno de serpe ?

¿ Quén son eu, quién me trouxo ?  
 ¿ E quién me levará diste inferno das moedas  
 ó ceu da caridá ?

¡ Meu muíño de pan !  
 ¡ Meu piñeiral !  
 ¡ Meu lar !

Para rematar esta aproximación á poesía de Lorenzo Varela e á súa imprompta máis ou menos ecoloxista, cómpre mencionar que no poema intitu-

lado "Cantiga nova que se chama martirio", que preparou para o segundo número da revista Cuco-Rei, finalmente nonnato, o de Fufin deixou unha plástica e fermosa síntese poética do ideal ao que coidaba estabamos convocados todos os galegos e galegas de lei: "[...] Facede de Galicia / un eido pra morar. / Facede de Galicia / unha frol xunto ao mar, / acarón das ribeiras enmeigadas, / pra darlle arume ao mundo, / á Liberdade, / á Paz. / Facede de Galicia / unha frol xunto ao mar, / unha terra de moíños, / redes, forxas, canteiros / pra construír a lus / nova dos novos tempos, / o novo sol dos homes / cun novo corazón / latexando no peito [...].



*Murguía, Revista Galega de Historia, publicación editada pola Asociación Galega de Historiadores, ven de cumprir o seu primeiro aniversario.*

Durante un ano *Murguía* saíu cada catro meses grazas a centos de persoas e institucións que fixeron posíbel este feito como subscritores/as e lectoras/es...

O vindeiro número, que estará nas librarías na segunda quincena de setembro, será un monográfico arredor da historia da música en Galiza.

Colabora coa recuperación da memoria histórica do noso país.

Subscríbete!

Nome  Apelidos   
 Enderezo   
 Localidade  CP  Teléfono

Solicito: Subscrición  Máis Información

Enviar á Asociación Galega de Historiadores/as: Apartado de Correos 755 15.703 Compostela (GZ)  
 ou secretaria@revistamurguia.com ■ Teléfono 687.59.46.18

[www.revistamurguia.com](http://www.revistamurguia.com)

Por só 23 € /ano  
 un número cada 4 meses na túa casa!

4

# 1 Río de cousas

Regalos para ti e para a xente que te rodea

Visita a nosa tenda web  
[www.adega.info](http://www.adega.info)

Descontos para socias/os

Río das letras



Contaminación atmosférica en Galiza  
Ramón Varela

18€



25 anos de Medio Ambiente y Ecoloxismo na Galiza

9€



Adega Cadernos:  
9. Pesca sustentábel  
10. Medio ambiente litoral  
11. Auga e sustentabilidade

4€



Revista Cerna  
10€ suscripción anual

3€

Mandil



Río da roupa



Puchos



Camisetas



80€  
Composteiro  
Para que xestiones o teu lixo orgánico e fagas o teu abono

## Pedido de Materiais

Nome\*:  
Enderezo\*:  
Tfno\*:  
Correo-e:  
Artigos\*:

Por favor, non esquezas indicar, no caso da roupa, a talla e o número de prendas solicitadas

Os campos marcados con \* son obrigatorios  
Indica tamén se es socia/o

[www.adega.info](http://www.adega.info)

Podes realizar o teu pedido cubrindo o formulario e enviándoo a:  
Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza - ADEGA  
Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2ªA  
15704 - Santiago de Compostela

## SÚMATE Á DEFENSA ECOLÓXICA DE GALIZA

### ADEGA,

a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza,  
pretende a conservación  
e rexeneración do medio  
e o desenvolvemento sustentábel.

Para conseguilo denuncia os ataques a que se ve sometido,  
aconsella sobre as actuacións máis adecuadas,  
ensina como é Galiza, a súa natureza e a súa xente,  
amosa que outra vida máis respectuosa co ambiente pode ser vivida



### Ficha de inscrición (os teus datos ou da persoa a quen lla regales)

Nome e apelidos.....  
NIF..... Data de nacemento.....  
Enderezo.....CP.....  
Teléfono..... Localidade.....  
Provincia..... Profesión.....  
correo electrónico .....

### Modalidade de Inscrición (inclúe subscrición gratuíta á revista Cerna)

- Normal 42 €/ano  
 Xuvenil e parada/o 21 €/ano  
 Superior 72 €/ano ou  18 €/trimestre

### Subscrición

- Revista Cerna trimestral 10 €/ano  
 ADEGA Cadernos 4€/número (desconto do 50% a socias/os)

Titular.....  
Banco ou caixa.....  
Sucursal / Localidade.....

Conta número \_ \_ \_ / \_ \_ \_ / \_ \_ \_ / \_ \_ \_  
Prego que ata novo aviso fagan efectivos á Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galicia,  
con cargo á miña conta, os recibos que ao meu nome lles presente a devandita asociación


Data..... Asinado.....  
Os teus datos serán empregados só para uso administrativo por parte de ADEGA,  
quedan ademáis sometidos ó disposto na LO 15/1999 de protección de datos  
de carácter personal

### Delegacións locais de ADEGA

<b>BARBANZA</b> Rúa Maruja Mallo, s/n 2º esq, 15940 Pobra do Caramiñal 670097997 (Fins)	<b>A CORUÑA</b> Rúa do Conto, nº 6-8 baixo esq 15002 - A Coruña 881915046
<b>CERCEDA</b> Rúa do Muíño, 1 - 1º 15680 - Ordes 666462424 (Alberte)	<b>LUGO</b> Rúa M. de Cervantes, 47 - entrechán 27003 - Lugo 982240299
<b>OURENSE</b> Rúa Parada Justel,2 32003 - Ourense 670394887	<b>CARBALLIÑO</b> Avda do Parque, 61 32500 - O Carballiño 988270876 (Bernardo)
<b>SANTIAGO</b> Praza Camilo Díaz Valliño, 15 - 2ªA 15704 - Santiago 981570099	<b>TRASANCOS</b> Apartado 481 15480 - Ferrol 616039268 (Antón)
<b>COSTA DA MORTE</b> San Xusto Rececinde, 14 15147 - Coristanco 646421019 (Paco)	<b>VIGO</b> Apartado 920 36200 - Vigo 657667497 (Mª Xosé)



Asociación para a Defensa  
Ecolóxica de Galiza  
Praza Camilo Díaz Valliño, 15 2ªA  
15704 Santiago de Compostela  
telf. fax.: 981 570099  
www.adegagaliza.org  
adega@adegagaliza.org



### BEIRA FLUVIAL

As beiras lenturentas de silveiras e fentos  
acompañan aos ríos de camiño das illas.  
Amieiros que lamben teus cabelos sortella  
descenden cara a auga con melura.  
O vieiro fluvial das avelaneiras novas  
aproxímanos ás xuncas que preludian a sombra  
e animan a ribeira. Ti vas da miña man  
agarimosa e apenas pisas leve saltasebes  
e reparas de esguello nos salgueiros.  
A túa mirada pérdese miúda entre arenarias  
porque te sintes envolta como o lúpulo en acios.  
En van os sabugueiros da ribeira arbustiva  
oferécense bieitos ao xogo branco e mol:  
ti non atendes mais que ao teu vieiro  
preñado de estralotes e violetas. Que importa  
que atrás quede a carga que non colle  
na túa alma de uva ou de botón de ouro.  
O teu cabelo crecho relouca libre ao vento  
como unha volvoreta entre as seixebras  
e ti sinteste núa fluvialmente mariña  
herba salgueira que te arrimas mimosa  
que apretas aloumiños e pos verbas docísimas  
no teu rostro pletórico de estrelas.

CLUDIO RODRÍGUEZ FER  
A BOCA VIOLETA (1987)